



**MEMORIA ANUAL DA
ACTIVIDADE ESTADÍSTICA**

ANO 2017

Elaboración

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro. San Lázaro, s/n

15703 – Santiago de Compostela

Teléfono: 981 54 13 21

Fax: 981 54 13 23

E-mail: ige@ige.eu

www.ige.eu

ÍNDICE

1. Normativa e organización.....	7
1.1 Referencias normativas.....	9
1.2 Organización.....	12
1.3 Consello Galego de Estatística.....	16
2. Programación e seguimento.....	21
2.1 Plan galego de estatística 2017-2021.....	23
2.2 Seguimento do Programa 2017.....	27
2.3 Seguimento do Programa 2017. IGE.....	30
3. Difusión.....	35
3.1 Difusión e información estatística.....	37
3.2 Servizos e produtos de información.....	39
3.3 Calendario.....	42
4. Relacións institucionais.....	43
4.1 Presenza institucional.....	45
4.2 Convenios e acordos.....	53
5. Recursos e outras actividades do IGE.....	55
5.1 Estatuto do IGE e outra normativa.....	57
5.2 Recursos.....	58
5.3 Formación e outras actividades de interese estatístico.....	60
Anexo I.....	63
Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego de Estatística para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de alumnos do Máster universitario en desenvolvemento económico e innovación (máster DEIN)	
Anexo II.....	77
Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego de Estatística para a realización de estadías de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	
Anexo III.....	83
Convenio específico de colaboración entre o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, en materia de estatística ano 2017	
Anexo IV.....	91
Orde do 9 de febreiro de 2017 pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais para os efectos das deducións previstas nos números sete do artigo 16 e oito do artigo 17 do texto	

refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo

Anexo V..... **151**

Resolución do 12 de maio de 2017 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2017, polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

Anexo VI..... **157**

Orde do 29 de decembro de 2017, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018.

Anexo VII..... **161**

Decreto131/2017, do 21 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

PRESENTACIÓN

Esta memoria, elaborada en cumprimento da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, recolle as actividades realizadas no marco do Programa 2017, primeiro do Plan galego de estatística 2017-2021, aprobado por Lei 15/2016.

O PGE 2017-2021 busca crear e difundir coñecemento estatístico, consonte ás necesidades dos cidadáns e das institucións públicas e privadas. O plan execútase con programas anuais, nos que se recollen as actividades dirixidas a satisfacer os seus obxectivos e metas de información.

Estas actividades hanse de axustar aos principios de interese público, obxectividade, corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, así como ás recomendacións do Código de conduta das estatísticas europeas. A información resultante debe axudar na toma de decisións, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e facilitar aos cidadáns o exercicio dos seus dereitos.

Na execución do Programa 2017 participaron o Instituto Galego de Estatística, os Órganos Estatísticos Sectoriais e o Consello Galego de Estatística.

O Pleno do Consello Galego de Estatística, na sesión do 14 de decembro de 2018, aprobou esta memoria.

Presidente do Consello Galego de Estatística

1

NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

1.1 REFERENCIAS NORMATIVAS

Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia

Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia

Lei 7/1993, do 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988 de estatística de Galicia

Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001

Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006 (modifica a Lei 9/1988 de estatística de Galicia)

Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011 (modifica a Lei 9/1988 de estatística de Galicia)

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (modifica a Lei 9/1988 de estatística de Galicia)

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (creación do Observatorio Galego de Acción Voluntaria)

Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia (creación do Comité Galego de Políticas de Xuventude)

Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Na disposición adicional oitava figuran as titulacións esixidas para as escalas superior e técnica de estatísticos.

Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021

Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e composición da Comisión de Toponimia (modificado por Decreto 174/1998, do 5 de xuño)

Decreto 69/1989, do 31 de marzo, para elaborar estatísticas de edificación e vivenda

Decreto 214/2000, do 21 de xullo, polo que se adscribe ao ente público Instituto Galego de Promoción Económica e ao organismo autónomo Instituto Galego de Estatística os edificios do complexo administrativo de San Lázaro

Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística

Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación

Decreto 295/2009, do 14 de maio, polo que se nomea director do Instituto Galego de Estatística a José Antonio Campo Andión

Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

Decreto 236/2011, do 29 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2012

Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

1. NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

Decreto 157/2012, do 5 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación (creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero)

Decreto 172/2012, do 1 de agosto, polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía

Decreto 20/2013, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2013

Decreto 188/2013, do 19 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2014

Decreto 164/2014, do 26 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2015

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

Decreto 20/2015, do 29 de xaneiro, de racionalización de órganos colexiados da Xunta de Galicia

Decreto 46/2015, do 19 de marzo, polo que se crea a Libraría institucional da Xunta de Galicia

Decreto 185/2015, do 28 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2016

Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de avaliación documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos

Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística

Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia

Decreto 188/2016, do 22 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2017

Decreto 124/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

Decreto 131/2017, do 21 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual 2018

Orde do 16 de decembro de 2003, pola que se regulan os pagamentos ás unidades informantes pola súa colaboración co IGE

Orde do 17 de marzo de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE

Orde do 7 de novembro de 2007, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se crea no IGE un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal de poboación

Orde do 19 de febreiro de 2008, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as características técnicas que deben cumprir as publicacións con resultados estatísticos da Comunidade Autónoma

Orde do 26 de xaneiro de 2011, da Consellería de Facenda pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Facenda, no Instituto Galego de Estatística e no Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable

Orde do 12 de abril de 2016, da Consellería de Facenda, pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos

Orde do 4 de xullo de 2016, da Consellería de Facenda, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia

Orde do 30 de xuño de 2016, da Consellería de Facenda, pola que se establece o plan de avaliación e seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, específico para o período de avaliación 2016/17

Orde do 28 de decembro de 2016, da Consellería de Facenda, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2017

Orde do 9 de febreiro de 2017, da Consellería de Facenda, pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais para os efectos das deducións previstas nos números sete do artigo 16 e oito do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo

Orde do 29 de decembro de 2017, da Consellería de Facenda, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018

Resolución do 21 de xullo de 2006, da dirección do IGE, pola que se crea o Premio Galicia de Estatística

Resolución do 16 de xuño de 2010, pola que se lle dá publicidade ao convenio entre o Instituto Nacional de Estatística (INE), o IGE e a Consellería de Sanidade, para realizar as estatísticas de movemento natural da poboación e defuncións segundo causa da morte

Resolución do 9 de maio de 2011, pola que se lles dá publicidade aos convenios entre:

- A Tesourería da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña e o IGE, en materia estatística
- O INE e o IGE, para o protocolo de transmisión de resultados temporalmente constringidos

Resolución do 28 de outubro de 2011, pola que se lles dá publicidade aos convenios entre:

- O Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña e o IGE, en materia estatística
- A Universidade de Santiago de Compostela e o IGE, para prácticas que se recoñezan como créditos no currículo dos alumnos das titulacións da Facultade de Matemáticas
- As Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o IGE, para colaborar no máster interuniversitario en técnicas estatísticas

Resolución do 21 de novembro de 2012, pola que se lles dá publicidade ao convenio entre o INE e o IGE, para adoptar un protocolo de intercambio de directorios estatísticos

Resolución do 10 de maio de 2013, pola que se lle dá publicidade ao convenio entre o IGE e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para intercambiar información sobre edificación e construción en Galicia

Resolución do 12 de xuño de 2014, pola que se lle dá publicidade ao convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE para prácticas de alumnos do máster oficial en Desenvolvemento Económico e Innovación

Resolución do 17 de novembro de 2014, pola que se ordena publicar o acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada

Resolución do 15 de xaneiro de 2015, pola que se lles dá publicidade aos convenios entre:

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, INE e IGE, para eliminar duplicidades estatísticas no ámbito do uso das tecnoloxías da información no sector de empresas
- Universidade de Santiago de Compostela e IGE, para prácticas de alumnos do Máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial e do grao en xeografía e ordenación do territorio da Facultade de Xeografía e Historia

1. NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

Resolución do 13 de setembro de 2016, pola que se dá publicidade ao Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o IGE para a realización de prácticas de alumnos/as da Facultade de Filoloxía e Tradución

Resolución do 14 de febreiro de 2017, pola que se dá publicidade ao convenios de colaboración entre a Universidade da Coruña e o IGE para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Socioloxía

Resolución do 17 de febreiro de 2017, pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Resolución do 12 de maio de 2017, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2017, polo que se aproba a relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística

Resolución do 4 de outubro de 2017, pola que se dá publicidade aos convenios entre:

- A Universidade de Santiago de Compostela e o IGE para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de alumnos do Máster universitario en desenvolvemento económico e innovación (máster DEIN)
- A Universidade de Santiago de Compostela e o IGE para a realización de estadias de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

Resolución do 11 de decembro de 2017, pola que convoca concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala superior de estatísticos, e do corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala técnica de estatísticos

Resolución do 26 de decembro de 2017, da Subsecretaría do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, pola que se publica o Convenio específico de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de estatística, ano 2017

Resolución do 27 de decembro de 2017, pola que se publica o Plan de formación para o ano 2018 da escola Galega de Administración Pública.

Regulamento de funcionamento interno do Consello Galego de Estatística, aprobado polo Pleno na sesión do 8 de xullo de 1997

1.2 ORGANIZACIÓN

Segundo a Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia (LEG), forman parte da organización estatística o Instituto Galego de Estatística (IGE), os Órganos Estatísticos Sectoriais (OES) dos departamentos e o Consello Galego de Estatística (CGE).

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O IGE é un organismo autónomo cuxas funcións son:

- ▶ Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito da Comunidade Autónoma.
- ▶ Coordinar a actividade estatística das administracións públicas de Galicia.
- ▶ Realizar as estatísticas que se lle encomenden no plan e nos programas e as que se establezan por convenio con outros organismos.
- ▶ Colaborar nas estatísticas de interese estatal ou supraestatal.
- ▶ Promover a aplicación de requisitos técnicos unitarios e aprobar códigos e nomenclaturas de interese propio.
- ▶ Participar no deseño dos ficheiros-directorios e dos procedementos administrativos que poidan xerar información de interese estatístico.

- ▶ Coordinar as peticións en materia estatística dos departamentos respecto de calquera outro organismo das administracións central ou local.
- ▶ Prestar servizos de recompilación, almacenaxe e difusión de documentación estatística.
- ▶ Desenvolver bases de datos estatísticos de interese público.
- ▶ Analizar as necesidades de información estatística en Galicia.
- ▶ Relacionarse con organismos estatais e internacionais con competencias estatísticas e propor ao Consello da Xunta a integración neles.
- ▶ Asegurar a difusión das estatísticas publicadas sobre Galicia e estender certificacións dos resultados da súa competencia.
- ▶ Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e pola aplicación das garantías necesarias para que se respecte o segredo estatístico e as normas xurídicas ás que se debe suxeitar a actividade estatística.
- ▶ Elaborar o anteproxecto de lei do plan e os proxectos de decreto dos programas anuais.
- ▶ Prestar asistencia técnica na redacción dos proxectos das operacións ao resto dos axentes do sistema e emitir informe sobre eles.
- ▶ Informar sobre o cumprimento dos plans e programas estatísticos, as propostas para aprobar resultados e os acordos na materia formalizados pola administración autonómica.

O IGE é responsable das estatísticas nas que se investigan varios ámbitos económicos ou sociais. As sectoriais son executadas preferentemente polos departamentos competentes nas materias. Para construír un sistema integrado de contas, o IGE debe participar na execución de todos os proxectos de síntese desta clase.

En aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), apróbase o Decreto 60/2016, do 26 de marzo, do Estatuto do IGE. O Instituto dótese dun órgano superior colexiado de goberno, o Consello Reitor, dun órgano unipersoal de goberno, a Presidencia, e dun órgano executivo, a Dirección. A presidencia correspóndelle ao titular da Consellería de Facenda, que tamén preside o Consello Reitor, do que forman parte catro representantes dos departamentos competentes en persoal, avaliación, facenda e administracións públicas. O persoa responsable da dirección do IGE é titular da vicepresidencia do Consello Reitor e máxima autoridade estatística da Comunidade Autónoma.

Coa creación destes órganos ordénanse as tarefas que xa se viñan realizando como soporte das competencias estatísticas. O Consello Reitor debe aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE. En aplicación da LOFAXGA, estas e outras actividades forman parte dun Plan anual de actuación (PAA) e súmanse ás que se lle asignan ao IGE no decreto do programa estatístico do mesmo ano. Os resultados do PAA son sometidos ao Consello Reitor e os das estatísticas de cada Programa ao Consello Galego Estatística. Os ámbitos competenciais de ambos órganos quedan así respectados.

ÓRGANOS ESTADÍSTICOS SECTORIAIS

Recollidos no artigo 44 da LEG como unidades encargadas de elaborar as estatísticas dos departamentos e regulados no Decreto 24/2008, do 21 de febreiro. As súas funcións son:

- ▶ Analizar as necesidades estatísticas do departamento.
- ▶ Elaborar e difundir as estatísticas propias e as que se lle asignen nos plans e programas.
- ▶ Colaborar co IGE no deseño dos ficheiros utilizados polos órganos administrativos e na redacción dos anteproxectos de plan e dos proxectos de programa.

En decembro de 2017 están designados os seguintes:

▶ **Presidencia da Xunta**

- Orde do 18 de xullo de 2013 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 18 de xullo de 2013, pola que se designa o órgano estatístico sectorial da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 142, 26 de xullo)

1. NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

- Coordinación: Servizo de Planificación, Análise e Xestión Económica. Secretaría Xeral da Presidencia
- ▶ **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**
 - Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 23, do 3 de febreiro)
 - Coordinación: Vicesecretaría Xeral
- ▶ **Consellería de Facenda**
 - Resolución do 27 de outubro de 2017, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de outubro de 2017, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Facenda (DOG nº 2010, do 6 de novembro)
 - Coordinación: Xefatura de Sección de Estudos e Estatísticas. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio
- ▶ **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**
 - Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG nº 221, do 19 de novembro)
 - Resolución da Consellería de Facenda, do 12 de maio de 2017, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de maio de 2017, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG nº 97, do 23 de maio)
 - Coordinación: Vicesecretaría Xeral
- ▶ **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**
 - Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 220, do 18 de novembro)
 - Resolución da Consellería de Facenda, do 22 de xullo de 2016, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2016, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 143, do 29 de xullo)
 - Coordinación: Vicesecretaría Xeral
- ▶ **Consellería de Economía, Emprego e Industria**
 - Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 10 de febreiro de 2016, pola que se designa o órgano estatístico sectorial (DOG nº 63, do 4 de abril)
 - Coordinación: Servizo de Asuntos Xerais e Réxime Interno. Secretaría Xeral Técnica
- ▶ **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**
 - Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 11 de marzo de 2013, pola que se designa o órgano estatístico sectorial (DOG nº 56, do 20 de marzo)
 - Resolución da Consellería de Facenda, do 3 de maio de 2013, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2013, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 93, do 16 de maio)
 - Coordinación: Vicesecretaría Xeral
 - Outros postos:
 - Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación Cultural. Secretaría Xeral Técnica
 - Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
 - Servizo de Xestión Científico Tecnolóxica. Secretaría Xeral de Universidades

▶ **Consellería de Sanidade**

- Orde da Consellería de Sanidade, do 7 de xuño de 2010, pola que se designa o órgano estatístico sectorial (DOG nº 118, do 23 de xuño)
- Resolución da Consellería de Facenda, do 16 de setembro de 2016, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de setembro de 2016, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 185, do 28 de setembro)
- Coordinación: Vicesecretaría Xeral
- Outros postos:
- Servizo de Xestión Administrativa, Publicacións e Estatística. Secretaría Xeral Técnica

▶ **Consellería de Política Social**

- Resolución da Consellería de Facenda, do 22 de xullo de 2016, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 21 de xullo de 2016, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Política Social (DOG nº 145, do 2 de agosto)
- Coordinación: Sección de Publicacións e Estatísticas. Secretaría Xeral Técnica

▶ **Consellería do Medio Rural**

- Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural
- Coordinación: Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións. Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal

▶ **Consellería do Mar**

- Orde da Consellería do Mar, do 1 de marzo de 2016, pola que se designa o órgano estatístico sectorial
- Resolución da Consellería de Facenda, do 26 de xullo de 2013, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 21 de xullo de 2013, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Medio Rural e do Mar (DOG nº 147, do 2 de agosto)
- Coordinación: Servizo de Análises e de Rexistros. Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

▶ **Axencia Turismo de Galicia**

- Resolución da Consellería de Facenda, do 16 de xullo de 2015, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de xullo de 2015, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Turismo de Galicia (DOG nº 138, do 23 de xullo)
- Coordinación: Xefatura Área de Estudos e Investigación. Dirección de Competitividade
- Outros postos na Área de Estudos e Investigación:
 - Especialista na interpretación de estatísticas turísticas e análise de tendencias
 - Especialista na medición do turismo e do seu impacto na economía
 - Especialista en técnicas de análise estatística
 - Especialista na elaboración e difusión de información estatística

▶ **Axencia Tributaria de Galicia**

- Resolución da Consellería de Facenda, do 9 de xuño de 2017, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG nº 116, do 20 xuño)
- Coordinación: Xefatura de Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais

CONSELLO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O CGE é o órgano consultivo que canaliza a participación dos axentes sociais e promove as relacións entre administración e usuarios. O CGE debe ser consultado sobre:

- ▶ Os anteprojectos de plan e proxectos de programa
- ▶ O uso e adaptación de conceptos, definicións, clasificacións, códigos e nomenclaturas
- ▶ O banco de datos do artigo 39 da LEG e o acceso dos usuarios á información
- ▶ Os conflitos de competencia dentro da organización estatística e desta con outros órganos
- ▶ Os proxectos en materia estatística
- ▶ A aplicación da lexislación sobre segredo estatístico
- ▶ Calquera outra cuestión que lle presenten o Consello da Xunta ou o IGE

Nas súas actuacións aplícase a normativa seguinte:

- ▶ Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia
- ▶ Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- ▶ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- ▶ Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- ▶ Decreto 173/2007, do 30 de agosto, de designación dos seus membros
- ▶ Regulamento de funcionamento interno, aprobado no Pleno do 8 de xullo de 1997

No CGE funcionan unha Comisión de Coordinación e unha Comisión Permanente. Da primeira forman parte os representantes da administración e da segunda 11 vogais elixidos polo pleno. Tamén se prevé crear grupos de traballo con persoas alleas ao Consello. A Lei do PGE 2007-2011 modifica o artigo 47 da LEG, engadindo dous vogais polas organizacións de consumidores e un para os órganos superiores da Presidencia. A Lei do PGE 2012-2016 amplía a representación aos grupos parlamentarios e á Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO).

1.3 CONSELLO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Composición ao 31 de decembro de 2017:

PRESIDENCIA

Conselleiro de Facenda
Valeriano Martínez García

VICEPRESIDENCIA

Director do IGE
José Antonio Campo Andión

SECRETARÍA

Secretaría Xeral do IGE
Rosa Elvira Fernández González

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DOS DEPARTAMENTOS

Presidencia

Manuel Galdo Pérez
Suplente: María del Mar Pereira Álvarez

Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Blanca García-Señorans Álvarez
Suplente: Natalia Prieto Viso

Consellería de Facenda

María del Socorro Martín Hierro

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

María Cruz Ferreira Costa

Suplente: Ana María Díaz López

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Joaquín Macho Canales

Suplente: Francisco Menéndez Iglesias

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Borja Vereá Fraiz

Suplente: Covadonga Toca Carús

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Jesús Oitavén Barcala

Suplente: José Manuel Pinal Rodríguez

Consellería de Sanidade

Alberto Fuentes Losada

Suplente: Andrés Paz-Ares Rodríguez

Consellería de Política Social

Francisco Javier Abad Pardo

Suplente: María Amparo González Méndez

Consellería do Medio Rural

María del Carmen Bouso Montero

Suplente: Tomás Fernández-Couto Juanas

Consellería do Mar

Mercedes Rodríguez Moreda

Suplente: Susana Rodríguez Carballo

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DAS CÁMARAS DE COMERCIO

Enrique Vázquez Sánchez

Suplente: Carlos Fernández Bermúdez

Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña

Manuel Fernández Pool

Suplente: Rosario Lorenzo Pontevedra

Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS

Miguel García Eiroa

José Manuel Maceira Blanco

Suplente: María del Mar Barreiro Mariño

Suplente: José Antonio Neira Cortés

Confederación de Empresarios de Galicia

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

Silvia Parga Rodríguez

Suplente: Maica Bouza Seoane

Comisións Obreiras de Galicia

Natividad López Gromaz

Suplente: Xavier Rodríguez Fidalgo

Confederación Intersindical Galega

Olga Crespo Sánchez

Suplente: Mar Alfonsín Madrigal

Unión Xeral de Traballadores

1. NORMATIVA E ORGANIZACIÓN

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE AGRICULTORES

Alba Torreira Puga

Suplente: Álvaro García Corral

Unións Agrarias

Xosé Manuel Calvo Rei

Suplente: Xosé Pérez Rei

Sindicato Labrego Galego

Titular: Francisco Bello Bello

Suplente: Juan Antonio Pérez Sánchez-Orozco

ASAGA

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE MARIÑEIRO

Tomás Fajardo Dacosta

María Rita González Sestelo

Suplente: Javier Martínez Durán

Federación Galega de Confrarías de Pescadores

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Antonio Fernández Angueira

Alcalde do Concello de Padrón

Julio Iglesias Redondo

Alcalde do Concello de Ares

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN ORGANIZACIÓNS DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Rosa María Rodríguez Vales-Villamarín

Miguel López Crespo

Suplente: Rosa Celia Otero Raña

Suplente: Ana Olveira Blanco

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS UNIVERSIDADES

Ricardo Cao Abad

Suplente: Salvador Naya Hernández

Universidade da Coruña (UDC)

Wenceslao González Manteiga

Suplente: Rosa María Crujeiras Casais

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Gustavo Bergantiños Cid

Universidade de Vigo (UDV)

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Manuela Fraguela Seoane

Grupo Bloque Nacionalista Galego

Antía Pérez Caramés

Grupo En Marea

Emilia Vázquez Rozas

Grupo Popular

Amalia Blanco Louro

Grupo Socialista

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DA SGAPEIO

María Isolina Santiago Pérez

Suplente: Balbina Virginia Casas Méndez

PERSOAS DE RELEVANCIA PROFESIONAL NO EIDO DA ESTATÍSTICA

María Teresa Cancelo Márquez

Profesora titular de Economía Cuantitativa da USC
José Ramón Cancelo de La Torre
Catedrático de Economía Aplicada da UDC
Isabel Neira Gómez
Profesora titular de Economía Cuantitativa da USC

TITULARES DAS SUBDIRECCIÓN DO IGE

Manuel Mateo Díaz
Isabel del Río Viqueira

ALTAS

Maica Bouza Seoane
María Cruz Ferreira Costa
Alberto Fuentes Losada
María Rita González Sestelo

BAIXAS

Justo de Benito Basanta
José Manuel Lago Peñas
Sergio López García
Josefina Monteagudo Romero

COMISIÓN PERMANENTE

A súa composición apróbase no pleno do 27 de novembro de 2005.

IGE

Presidente: José Antonio Campo Andión
Secretaría: Rosa Elvira Fernández González
Vogal titular: Manuel Mateo Díaz

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Borja Vereá Fraiz
Suplente: Covadonga Toca Carús

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Jesús Oitavén Barcala
Suplente: José Manuel Pinal Rodríguez

Consellería de Sanidade

Alberto Fuentes Losada
Suplente: Andrés Paz-Ares Rodríguez

Consellería do Medio Rural

Carmen Bouso Montero
Suplente: Tomás Fernández-Couto Juanas

Representante de relevancia profesional

Vogal titular: María Teresa Cancelo Márquez
Suplente: Isabel Neira Gómez

Representante das organizacións sindicais

Vogal Titular: Natividad López Gromaz
Suplente: Olga Crespo Sánchez

Representante das universidades:

Vogal titular: Wenceslao González Manteiga
Suplente: Gustavo Bergantiños Cid

Representante das cámaras e asociacións empresariais

Vogal titular: José Antonio Neira Cortés

ACTIVIDADE

Comisión Permanente do 2 de xuño de 2017

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe de seguimento do PEA 2016
3. Catálogo de rexistros administrativos. Inventario de operacións e actividades
4. Rolda de intervencións

O informe de seguimento do PEA 2016 recibe informe favorable e trasládase ao Parlamento. Recolle a execución do programado: 170 actividades estatísticas, 33 de interese estatístico e 12 de análise dentro das liñas de actuación salientable do plan 2012-2016. A execución das primeiras acada o 86% e o calendario cúmprese nun 65%. O indicador de oportunidade reflicte un desfase medio entre datas de referencia e difusión de 13 meses nas estatísticas estruturais e de 5 nas conxunturais. O 50% das operacións novas de 2016 evolucionan segundo o previsto e figuran en implantación ou en curso no 2017. A estabilidade das operacións correntes e das actividades estatísticas acada o 76%. Os índices de satisfacción das metas máis altos están nas áreas tecnolóxica e social. As metas sobre estrutura produtiva foron as menos tratadas.

Preséntanse dúas aplicacións en R-Shiny para consultar o catálogo de rexistros administrativos e o inventario de actividades estatísticas. A primeira está relacionada cun obxectivo do plan anterior, precisado no 2013 mediante unha proposición non de lei na que se insta ao Goberno a difundir un catálogo de rexistros administrativos de interese estatístico. O Inventario é unha ferramenta dispoñible na web desde o plan 2007-2011, que se revisa para engadir información e introducir a tipoloxía de actividades do plan vixente.

Pleno do 24 de novembro de 2017

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Memoria de actividades 2016
3. Informe de avaliación do PGE 2012-2016
4. Proxecto de decreto do PEA 2018
5. Proxectos técnicos das operacións estatísticas
6. Rolda de intervencións

A memoria de actividades de 2016, o informe de avaliación do plan 2012-2016 e o proxecto do segundo programa do plan 2017-2021 reciben informe favorable. O PEA 2018 foi aprobado como Decreto 131/2017, do 21 de decembro, e publicado no DOG nº 246, do 29 de decembro.

O plan 2012-2016 remata con 104 metas tratadas (79% das previstas) e 117 estatísticas consolidadas, que se integran no inventario inicial do plan 2017-2021 e que cobren o 66% de ditas metas (o 13% restante correspóndese con estatísticas difundidas que non se chegan a consolidar). O plan 2012-2016 herdara do anterior 89 estatísticas consolidadas, cuxa execución xa garantía o cumprimento do 47% das súas metas, o que amosa un aumento de 19 puntos no grao de satisfacción. Melloran os indicadores de execución e puntualidade, especialmente o segundo, que pasa do 49% de media no período 2007-2011 ao 71% no 2012-2016. Preséntase os proxectos técnicos das seguintes operacións:

- 1205-01-OE05 Xestión de residuos de competencia municipal
- 3902-01-OE05 Contas económicas anuais
- 3902-02-OE05 Contas económicas trimestrais

ORZAMENTO

O IGE conta no orzamento de gastos do capítulo II con crédito para gastos e indemnizacións por asistencias aos plenos e comisións do CGE, que no 2017 acadaron os 2.043 euros.

2

PROGRAMACIÓN E SEGUIMIENTO

2.1 PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021

O PGE 2017-2021 é o instrumento de planificación do sistema estatístico e o marco de colaboración entre as entidades que forman parte da súa organización. O seu obxectivo central é conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas das institucións e dos cidadáns, respectando os criterios de economía e aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos informantes e garantindo o segredo estatístico.

O plan redáctase en forma de metas, entendidas como obxectivos específicos de información a satisfacer coas operacións e actividades estatísticas dos programas. As 101 metas agrúpanse en 4 áreas e 20 seccións. Os obxectivos informativos complétanse coa obriga de considerar a perspectiva de xénero e as liñas de actuación salientables para profundar nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial.



No plan figuran tamén 4 obxectivos organizativos, 5 instrumentais, 6 de calidade e 117 estatísticas consolidadas no plan anterior, que forman parte do seu inventario inicial:

OPERACIÓNS CONSOLIDADAS

- 1 Estado do planeamento urbanístico dos concellos
- 2 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio
- 3 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma
- 4 Estatística de licenzas de pesca e caza
- 5 Reservas de auga
- 6 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño
- 7 Indicadores demográficos
- 8 Cifras poboacionais de referencia
- 9 Sistema de indicadores de lonxevidade
- 10 Táboas de mortalidade
- 11 Estatística de familias numerosas
- 12 Proxeccións de fogares

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

- 13 Proxeccións de poboación a curto prazo
- 14 Explotación do Rexistro Galego de Interrupcións Voluntarias do Embarazo
- 15 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica
- 16 Explotación do Rexistro Galego da Sida
- 17 Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose
- 18 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas
- 19 Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas
- 20 Estatística do ensino non universitario en Galicia
- 21 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia
- 22 Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional
- 23 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego
- 24 Datos sobre ocupacións máis contratadas
- 25 Persoal ao servizo da Administración autonómica
- 26 Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA)
- 27 Explotación do censo de persoas con discapacidade
- 28 Apertura de centros de traballo
- 29 Centros especiais de emprego
- 30 Infraccións e sancións na orde social
- 31 Procedementos despedimento colectivo, suspensión contratos e redución de xornada
- 32 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras
- 33 Sinistralidade laboral
- 34 Empresas de traballo temporal
- 35 Eleccións sindicais
- 36 Enquisa conxuntural a fogares
- 37 Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112
- 38 Enquisa estrutural a fogares (EEF)
- 39 Indicadores de xénero
- 40 Indicadores de cohesión social
- 41 Estatística de protección de menores
- 42 Estatística sobre persoas beneficiarias da Risga e das axudas de inclusión social
- 43 Explotación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais
- 44 Estatística de violencia de xénero
- 45 Superficies agrícolas
- 46 Explotación do Rexistro de Gando Bovino
- 47 Explotación do Rexistro de Ovino e Cabrún
- 48 Estatística de sacrificio de gando en matadoiros
- 49 Sector cunícola
- 50 Explotación do Rexistro Vitícola
- 51 Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do PDR
- 52 Explotación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma
- 53 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos
- 54 Enquisa de ocupación na pesca
- 55 Estatística de construción de edificios
- 56 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora
- 57 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos
- 58 Prezos da terra
- 59 Explotación do Rexistro sobre Prezos Declarados polos Compradores de Leite
- 60 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario
- 61 Índices de competitividade
- 62 Explotación do directorio de empresas e unidades locais

- 63 Indicadores do sector empresarial
- 64 Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil
- 65 Cooperativas
- 66 Sociedades laborais
- 67 Contas económicas anuais
- 68 Contas económicas trimestrais
- 69 Produto interior bruto municipal
- 70 Marco input-output
- 71 Matriz de contabilidade social
- 72 Sistema de indicadores da sociedade da información
- 73 Empresas TIC de Galicia
- 74 Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia
- 75 Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos
- 76 Situación das TIC nos centros sanitarios

ACTIVIDADES ESTADÍSTICAS CONSOLIDADAS

- 77 Banco de series de conxuntura
- 78 Accesibilidade á vivenda
- 79 Indicadores de contexto do Plan estratéxico
- 80 Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia
- 81 Explotación do movemento natural da poboación
- 82 Explotación dos movementos migratorios
- 83 Explotación das afiliacións á Seguridade Social
- 84 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario
- 85 EEF. Novas tecnoloxías
- 86 Explotación do índice de produción industrial
- 87 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes
- 88 Informe das variacións do Índice de prezos de consumo
- 89 EEF. Módulo sobre a poboación dependente
- 90 Estudo sobre salarios
- 91 Seguimento e análise da construción
- 92 Pensións e outras prestacións
- 93 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
- 94 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía
- 95 Explotación estatística da información tributaria
- 96 Explotación da mostra continua de vidas laborais
- 97 EEF. Coñecemento e uso do galego
- 98 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa
- 99 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica
- 100 EEF. Características básicas dos fogares
- 101 A sociedade da información no medio rural
- 102 Información estatística do sistema sanitario galego
- 103 Emprego no sector turístico galego
- 104 Asistencia xurídica gratuíta
- 105 Negociación colectiva
- 106 Informe do paro rexistrado
- 107 Estatística de permisos de marisqueo a pé
- 108 Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas
- 109 Calidade do aire
- 110 Climatoloxía

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

- 111 Enfermedades de declaración obrigatoria
- 112 Rendementos de cultivos
- 113 Estatística de produción de acuicultura mariña
- 114 Indicadores de innovación
- 115 Estatística de bibliotecas públicas
- 116 Conciliacións individuais e colectivas
- 117 Establecementos de acuicultura mariña

Os programas inclúen as estatísticas consolidadas e outras actuacións para satisfacer os obxectivos do plan, clasificadas en:

- ▶ Operación estatística (OE) executada e difundida de acordo cun proxecto técnico no que participa unha administración galega nalgunha fase a maiores da difusión. Pódese programar en implantación, reestruturación, curso ou cumprimento. No primeiro caso o obxectivo é comprobar a viabilidade do proxecto e no segundo modificalo. Dependendo de quen deseñe orixinarmente o proceso estatístico, prográmase en curso (administración galega) ou cumprimento (outra administración). As operacións en cumprimento son, por tanto, as elaboradas no marco de convenios ou acordos.
- ▶ Actividade estatística (AE) executada sen proxecto técnico e co obxectivo de difundir resultados que contribúan a ampliar a oferta de información sobre Galicia.
- ▶ Liña de actuación salientable (LAS), para incrementar o valor da información dispoñible, afondando nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial.
- ▶ Actividade de interese estatístico (AIE), para acadar as liñas salientables e os obxectivos instrumentais e de calidade.

En función desta tipoloxía utilízanse dous procedementos para comprobar os resultados programados: cuantitativo nas operacións e actividades estatísticas e cualitativo nas de interese estatístico e liñas salientables. As do primeiro grupo valóranse cos indicadores de execución, puntualidade, oportunidade, dinamismo, estabilidade e satisfacción das metas.

A execución das OE mídese comprobando os resultados acadados en cada fase, desde a recollida de datos ata a difusión, e segundo o estado de redacción das metodoloxías nas programadas en reestruturación. A execución das AE determínase en función do obxectivos concretos que figuran no anexo III do programa.

Para calcular os graos de execución do IGE e dos departamentos pondéranse as actuacións por tipo, dándolle máis peso ás operacións fronte ás actividades estatísticas e, dentro das primeiras, ás correntes fronte ás novas. O criterio vencella o resultado coa complexidade e madurez das estatísticas, situando á cabeza ás operacións correntes que cumpren os requisitos da estatística oficial. Séguenlles as novas, que se están a implantar ou reestruturar e, por último, as actividades estatísticas que cobren metas de información.

O indicador de calendario mide a puntualidade na publicación de resultados das operacións correntes con difusión programada, sen considerar as de tipo indicadores que se actualizan continuamente segundo o permiten as fontes primarias. Co indicador de oportunidade penalízase a distancia entre datas de referencia e difusión da información. A puntualidade e a oportunidade mídense tamén nas actividades estatísticas desde 2017

Os indicadores de dinamismo e estabilidade amosan se as operacións evolucionan correctamente entre programas. As novas débense transformar en correntes e as correntes permanecer nese estado. A estabilidade mídese tamén nas actividades estatísticas. O indicador de satisfacción reflicte se os resultados achegan información sobre as metas. Para avaliar as actividades de interese estatístico e as liñas salientables compróbase a realización das actuacións concretas que figuran no decreto de cada programa anual.

2.2 SEGUIMENTO DO PROGRAMA 2017

O PGE 2017-2021 modifica a tipoloxía de actuacións. As que se denominaban outras actividades estatísticas (AE) permanecen, pero agora han de achegar información nova sobre Galicia non publicada por outros sistemas estatísticos. Por tanto, as de mera difusión, investigación, análise ou relacionadas con nomenclaturas clasifícanse desde 2017 como actividades de interese estatístico (AIE), mentres que outras divulgativas, de formación ou atención aos usuarios trasládanse ao Plan anual de actuación do IGE recollido no anexo VI.



O PEA 2017 inclúe 80 operacións (OE), 57 actividades estatísticas (AE), 33 de interese estatístico (AIE) e 14 clasificadas como liñas de actuación salientables (LAS) do PGE 2017-2021. Esta oferta pretende cubrir os obxectivos informativos, instrumentais e de calidade do plan e cumprir coa obriga de considerar a perspectiva de xénero na actividade estatística. Das 80 operacións con proxecto técnico, 3 prográmanse en implantación para comprobar se son viables e 2 en reestruturación para modificar a súa metodoloxía. Das 75 restantes, 63 figuran en curso e 12 en cumprimento.

Comparado co PEA 2016 temos 33 operacións e actividades menos. Esta variación está relacionada cos cambios introducidos no novo plan (non se consideran operacións en proxecto e as actividades han de aportar información nova) e co criterio de clarear a oferta, deixando de programar as estatísticas que non se estaban a executar con normalidade nos plans anteriores.

Número	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017
operacións	103	112	102	98	97	80
operacións novas	19	42	23	23	10	5
en proxecto	12	33	13	7	4	-
en implantación	5	5	9	10	5	3
en reestruturación	2	4	1	6	1	2
operacións correntes	84	70	79	75	87	75
en curso	73	57	66	63	73	63
en cumprimento	11	13	13	12	14	12
actividades estatísticas	41	47	72	66	73	57
Total	144	159	174	164	170	137

O grao de execución das 137 operacións e actividades de 2017 acadou o 89%. Os indicadores de calendario amosan un 70% de puntualidade e desfases entre datas de referencia e difusión de 12 meses nas estatísticas estruturais e de 3 nas conxunturais. Os indicadores de estabilidade e dinamismo foron do 94% e 80%, respectivamente.

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

- ▶ 7094 Estatística de diversidade de especies silvestres
- ▶ 7095 Estado cuantitativo das augas subterráneas
- ▶ 7104 Estatística de calidade do aire
- ▶ 7107 Inventario nacional do estado de saúde dos bosques
- ▶ 7108 Estatística de incendios forestais
- ▶ 7109 Estado químico das augas subterráneas
- ▶ 7110 Estado das augas superficiais
- ▶ 7114 Estatística de envases e residuos de envases
- ▶ 7118 Estatística de construción de edificios
- ▶ 7132 Estatística de embalses e produción de enerxía hidroeléctrica
- ▶ 7159 Estatística de industrias lácteas (estrutura e produción)
- ▶ 7256 Estatística sobre o transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros
- ▶ 7344 Prezos conxunturais de produtos agrícolas
- ▶ 7345 Prezos conxunturais de produtos gandeiros
- ▶ 7346 Prezos medios nacionais
- ▶ 7347 Estatísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios
- ▶ 7348 Prezos medios anuais das terras de uso agrario
- ▶ 7349 Canons anuais de arrendamentos rústicos
- ▶ 7397 Estatística de cooperativas constituídas
- ▶ 7398 Estatística de sociedades laborais rexistradas
- ▶ 7400 Estatística de empresas de traballo temporal
- ▶ 7401 Estatística do movemento laboral rexistrado
- ▶ 7404 Estatística de regulación de emprego
- ▶ 7405 Estatística de apoio á creación de emprego
- ▶ 7406 Estatística de mediación, arbitraje e conciliación
- ▶ 7407 Estatística de convenios colectivos de traballo
- ▶ 7408 Estatística de folgas e peches patronais
- ▶ 7409 Estatística de accidentes de traballo
- ▶ 7410 Estatística de enfermidades profesionais
- ▶ 7415 Estatística do fondo social europeo
- ▶ 7422 Estatística de políticas do mercado de traballo
- ▶ 7459 Contas económicas da agricultura
- ▶ 7460 Contas económicas nacionais da silvicultura
- ▶ 7470 Contas satélites do gasto sanitario público
- ▶ 7501 Rexistro central de persoal. Boletín estatístico do persoal ao servizo das AA.PP
- ▶ 7513 Indicadores sobre gasto farmacéutico e sanitario das CC.AA
- ▶ 7514 Informe sobre prazos de pago aos provedores e débeda comercial das CC.AA
- ▶ 7563 Estatística da sociedade da información e comunicación nos centros non universitarios
- ▶ 7564 As tecnoloxías da información e as comunicacións nas AA.PP
- ▶ 7624 Estatística de museos e coleccións museográficas
- ▶ 7632 Estatística de asuntos taurinos
- ▶ 7633 Estatística de financiamento e gasto público en cultura
- ▶ 7651 Estatística de bibliotecas escolares
- ▶ 7652 Estatística de persoal das universidades
- ▶ 7653 Estatística de mobilidade do profesorado non universitario nos centros públicos
- ▶ 7654 Estatística do gasto público en educación
- ▶ 7656 Estatística de financiamento e gasto das universidades públicas españolas
- ▶ 7657 Estatísticas de bolsas e axudas ao estudo
- ▶ 7659 Estatística de universidades, centros e titulacións

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- ▶ 7660 Estatística de ensinanzas non universitarias (centros, matrícula, graduados e persoal)
- ▶ 7661 Estatística de alumnado de formación profesional
- ▶ 7662 Estatística de formación de adestradores deportivos
- ▶ 7663 Estatística de probas de acceso á universidade
- ▶ 7664 Estatística de estudantes universitarios
- ▶ 7671 Estatística de formación para o emprego
- ▶ 7675 Indicadores universitarios
- ▶ 7676 Sistema estatal de indicadores da educación
- ▶ 7677 Indicadores estatísticos da educación
- ▶ 7702 Estatística de créditos orzamentarios (iniciais e finais) de I+D
- ▶ 7731 Sistema de información de atención primaria do sistema nacional de saúde (SNS)
- ▶ 7733 Estatística de centros sanitarios de atención especializada
- ▶ 7734 Explotación conxunto mínimo básico datos (RAE-CMDB): Demanda hospitalaria e Morbilidade atendida
- ▶ 7736 Estatística de enfermidades de declaración obrigatoria
- ▶ 7737 Estatística estatal da SIDA
- ▶ 7738 Sistema de información microbiolóxica
- ▶ 7739 Estatística estatal de encefalopatías esponxiformes transmisibles humanas
- ▶ 7741 Indicadores consumo substancias psicoactivas OED: mortalidade por reacción aguda
- ▶ 7742 Indicadores consumo substancias psicoactivas OED: urxencias hospitalarias
- ▶ 7743 Indicadores consumo substancias psicoactivas OED: admisións ao tratamento
- ▶ 7744 Enquisa sobre uso de drogas no ensino secundario en España
- ▶ 7747 Calidade das augas de consumo humano
- ▶ 7748 Calidade das augas de baño
- ▶ 7752 Estatística de interrupcións voluntarias do embarazo
- ▶ 7753 Estatística consumo farmacéutico por receita do SNS e do mutualismo administrativo
- ▶ 7754 Estatística de gasto farmacéutico dos hospitais da rede pública do SNS
- ▶ 7781 Estatística medidas protección infancia: adopcións, acollementos e tutela de menores
- ▶ 7787 Estatística de axudas aos traballadores afectados por procesos de reestruturación
- ▶ 7788 Estatística de prestacións non contributivas
- ▶ 7789 Estatística de pensións asistenciais
- ▶ 7792 Estatística de títulos de familias numerosas
- ▶ 7794 Estatística de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia
- ▶ 7795 Estatística de axudas sociais do artigo 27 ás mulleres vítimas de violencia de xénero
- ▶ 7826 Estatística do sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero

UNIVERSIDADES

O IGE ten asinados sete acordos coas universidades galegas

1. Convenio coa USC para prácticas que se recoñezan como créditos nos currículos dos alumnos das titulacións da Facultade de Matemáticas (2011)
2. Convenio coas universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UDV), para colaborar no máster universitario en técnicas estatísticas (2011)
3. Convenio coa USC para prácticas de alumnos do máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial e do grao en xeografía e ordenación do territorio da Facultade de Xeografía e Historia (2014)
4. Convenio coa UDV para prácticas de alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución (2016)
5. Convenio coa UDC para prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Socioloxía (2016)
6. Convenio coa USC para prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de alumnos do máster oficial en desenvolvemento económico e innovación (2017)
7. Convenio coa USC para estadias de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio (2017)

No 2017 realizan prácticas no IGE cinco alumnos. Os temas elixidos foron:

- Análise lonxitudinal da desigualdade en Galicia
- Aplicación práctica de datos demográficos empregando R
- Distribución territorial do PIB
- Medición do comercio electrónico na estatística oficial
- Tradución da páxina web empregando vocabulario estatístico e económico

PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS

- ▶ Comisión de Toponimia. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- ▶ Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- ▶ Observatorio Galego de Acción Voluntaria. Consellería de Política Social
- ▶ Comité Galego de Políticas de Xuventude. Consellería de Política Social
- ▶ Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- ▶ Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- ▶ Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- ▶ Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable. Consellería de Facenda
- ▶ Comisión Sectorial de Desenvolvemento Económico e Turismo. Comunidade de Traballo Galicia Norte de Portugal
- ▶ Comisión Sectorial da Cidadanía. Comunidade de Traballo Galicia Norte de Portugal
- ▶ Consello de Avaliación Documental de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- ▶ Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social
- ▶ Rede de avaliación e seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Consellería de Facenda
- ▶ Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións

4.2 CONVENIOS E ACORDOS

Ao 31 de decembro de 2017 están vixentes os seguintes:

1. Acordo de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o IGE, para realizar a estatística de edificación e vivenda no ámbito territorial de Galicia (1989)
2. Convenio de colaboración entre a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación e o IGE, para promover a estatística e a investigación de operacións (1993)
3. Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE, para realizar investigacións metodolóxicas e de análise cuantitativa (1994)
4. Convenio marco de cooperación entre a Universidade da Coruña e o IGE, para realizar investigacións metodolóxicas e de análise cuantitativa (1995)
5. Convenio de colaboración entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de intercambio de información estatística (1998)
6. Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o IGE, para intercambiar información (2001)
7. Acordo marco entre o INE e o IGE, sobre cooperación estatística e intercambio de información (2002)
8. Protocolo de cesión do uso do programa de axuda á codificación (AYUDACOD) do INE ao IGE (2002)
9. Convenio de colaboración entre o INE e o IGE, para realizar a Enquisa de Poboación Activa no ámbito territorial de Galicia (2008)

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

10. Acordo multilateral de traballo entre o INE e os órganos centrais de estatística das comunidades autónomas, para desenvolver a cooperación en materia estatística (2008)
11. Convenio de colaboración entre o INE, o IGE e a Consellería de Sanidade, para realizar as estatísticas do movemento natural da poboación e defuncións segundo causa da morte (2010)
12. Convenio de colaboración entre a Tesourería Xeral da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña e o IGE, en materia estatística (2011)
13. Convenio de colaboración entre o INE e o IGE, para adoptar un protocolo de transmisión de resultados temporalmente embargados (2011)
14. Convenio de colaboración entre o Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña e o IGE, en materia estatística (2011)
15. Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE, para realizar prácticas que se recoñezan como créditos nos currículos dos alumnos das titulacións da Facultade de Matemáticas (2011)
16. Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o IGE, para colaborar no máster universitario en técnicas estatísticas (2011)
17. Convenio de colaboración entre o INE e o IGE, para adoptar protocolos de intercambio de directorios estatísticos (2012)
18. Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o IGE, para optimizar as operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas (2012)
19. Convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o IGE, para intercambiar información estatística sobre edificación e construción en Galicia (2013)
20. Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos (AGAFAC), para recoller datos estatísticos no sector de pensos de Galicia (2013)
21. Convenio marco de cooperación entre a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a articulación, coordinación e complementariedade en materia de cooperación descentralizada (2013)
22. Protocolo de colaboración, no ámbito do Gabinete de información da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal da Agrupación europea de cooperación territorial (2014)
23. Convenio de colaboración entre o INE, o IGE e a AMTEGA, para eliminar duplicidades no ámbito do uso das tecnoloxías da información no sector empresas (2014)
24. Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE, para a realización de prácticas de alumnos do máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial e do grao en xeografía e ordenación do territorio (2014)
25. Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o IGE, para a realización de prácticas de alumnos/as da Facultade de Filoloxía e Tradución (2016)
26. Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o IGE, para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Socioloxía (2016)
27. Particularización para 2017 do Acordo Marco entre o INE e o IGE. Documentos de intercambio de información (2017)
28. Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de alumnos do máster oficial en desenvolvemento económico e innovación (2017)
29. Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e o IGE para a realización de estadias de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio (2017)
30. Convenio específico de colaboración suscrito entre o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, en materia de estatística (2017)

5

RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE

5.1 ESTATUTO DO IGE E OUTRA NORMATIVA

En aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) apróbase o Decreto 60/2016, do 26 de marzo, do Estatuto do IGE. Nel regúlanse as funcións do Instituto que xa se viñan realizando como soporte das propiamente estatísticas e establécense os seus órganos de goberno: Presidencia e Consello Reitor.

O titular da Consellería de Facenda preside o Consello Reitor, do que forman parte a Dirección do Instituto e catro vogais en representación dos departamentos competentes en persoal, avaliación, facenda e administracións públicas. O Consello Reitor aproba o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

En aplicación da LOFAXGA, o IGE desenvolve a súa actividade no marco dun Plan anual de actuación (PAA), aprobado por orde da Consellería de Facenda e sometido ao Consello Reitor, dentro dun Informe xeral anual de actividade. O PAA inclúe os obxectivos a acadar e os recursos precisos para conseguilos. O vixente para 2018 foi aprobado por Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017.

O Consello Reitor constitúese o 13 de setembro de 2016, coa seguinte composición:

Presidencia: Titular da Consellería de Facenda

Vicepresidencia: Titular da Dirección do IGE

Secretaría: Titular da Secretaría Xeral do IGE

Vogais:

- Titular da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Titular da Dirección Xeral da Función Pública. Consellería de Facenda
- Titular da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Consellería de Facenda

Na sesión do 24 de marzo de 2017 o Consello Reitor aproba a proposta de modificación da relación de postos de traballo do IGE, publicada como Resolución da Consellería de Facenda do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio). O 10 de outubro de 2017 o Consello Reitor aproba o anteproxecto de orzamentos do IGE para 2018, publicado finalmente na Lei 8/2017, do 26 de decembro (DOG nº 245, do 28 de decembro).

O Estatuto recolle como funcións do IGE as que se lle atribúen na LEG e as establecidas noutras normas legais e regulamentarias que lle correspondan pola súa condición de órgano central do sistema estatístico. Entre elas e como resultado da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira e da Orde da Consellería de Facenda, do 4 de xullo de 2016, a responsabilidade de elaborar o subsistema de prospección económica: escenario macroeconómico, crecemento potencial e output gap de Galicia. Ademais deste papel na planificación orzamentaria, o IGE debe atender as demandas de información doutros órganos para valorar os impactos económicos de introducir determinadas medidas.

No apartado de estrutura organizativa introdúcense cambios para atender estas necesidades de información. En concreto, recóllense as funcións de:

- Promover e executar previsións económicas e demográficas.
- Promover a elaboración de estudos, análises e modelos de simulación que contribúan a optimizar o deseño e seguimento das políticas públicas.

5. RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE

5.2 RECURSOS

INVENTARIO	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Equipos de informática	728.443	733.786	743.079	764.853	526.962	544.965
Equipos de oficina e mobiliario	430.246	420.642	420.642	420.642	413.764	391.092
Fondo bibliográfico	56.032	56.032	56.052	56.385	56.019	56.019
Elementos de transporte	41.860	0	0	0	0	0
Instalacións técnicas	1.969	1.969	1.969	1.969	1.969	19.691
Total	1.258.550	1.212.429	1.221.742	1.243.849	998.714	1.011.767

Importe en euros

ORZAMENTO	Capítulo 1	Capítulo 2	Capítulo 4	Capítulo 6	Capítulo 7	Total
1996	1.681.812	200.576	20.434	1.484.500	0	3.387.322
1997	1.695.161	201.988	20.434	1.586.672	0	3.504.255
1998	1.910.377	194.944	20.434	1.944.274	0	4.070.029
1999	1.938.360	184.204	20.434	2.006.178	0	4.149.176
2000	2.002.849	214.255	20.434	1.737.935	631.063	4.606.536
2001	2.134.693	324.294	36.662	1.428.942	841.549	4.766.140
2002	2.177.411	378.386	36.694	1.360.856	807.461	4.760.808
2003	2.224.730	378.386	44.540	1.964.000	0	4.611.656
2004	2.339.277	387.210	44.870	1.964.000	0	4.735.357
2005	2.665.749	421.090	55.870	1.773.900	0	4.916.609
2006	2.762.114	445.962	82.220	1.803.900	0	5.094.196
2007	2.828.654	452.676	82.940	1.803.900	0	5.168.170
2008	3.036.547	461.730	94.940	1.803.900	0	5.397.117
2009	3.049.883	420.085	87.819	1.637.941	0	5.195.728
2010	3.044.752	381.323	25.000	1.228.460	0	4.679.535
2011	2.950.017	376.900	0	970.092	0	4.297.009
2012	2.950.017	373.070	12.000	986.592	0	4.321.679
2013	2.683.568	356.967	0	1.029.089	0	4.069.624
2014	2.613.568	339.119	0	964.592	0	3.917.279
2015	2.613.568	320.433	0	910.397	0	3.844.398
2016	2.648.376	320.433	0	1.010.397	0	3.979.206
2017	2.788.540	326.433	0	1.046.397	0	4.161.370
2018	2.844.311	331.445	0	1.017.350	0	4.193.106

Importe en euros


EXECUCIÓN ORZAMENTO DE INGRESOS 2017	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Recadacións netas	% Execución
III.Taxas, prezos e outros ingresos	400	0	400	283	283	70,7
IV.Transferencias correntes	3.086.477	0	3.086.477	3.097.512	3.097.512	100,4
V.Ingresos patrimoniais	480	0	480	154,71	154,71	32,2
VII.Transferencias de capital	1.046.397	0	1.046.397	999.127	999.127	95,5
Total	4.133.754	0	4.133.754	4.097.076	4.097.076	99,1

EXECUCIÓN ORZAMENTO DE GASTOS 2017	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	Pagos realizados	% Execución
I. Gastos de persoal	2.788.540	-246.135	2.542.405	2.542.405	2.542.405	100
II. Gastos correntes en bens e servizos	326.433	-18.056	308.377	307.507	307.507	99,7
IV. Transferencias correntes	0	134.340	134.340	134.340	134.340	100
VI. Investimentos reais	1.046.397	-47.270	999.127	999.127	999.127	100
Total	4.161.370	-177.121	3.984.249	3.983.378	3.983.378	99,9

Importe en euros

Nota: A diferenza de 27.616 euros entre partidas iniciais de ingresos e gasto débese ao incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público (%).

No 2017 tramítanse 67 expedientes de contratación por un importe de 524.801 euros e rexístranse 2.818 entradas e 585 saídas de documentos. A estrutura organizativa do IGE está regulada no seu Estatuto:



A relación de postos de traballo vixente ao 31 de decembro de 2017 inclúe 64 prazas.

2017

Prazas	Nº	Nivel
Secretaría xeral	1	30
Subdirección	2	30
Xefatura de servizo	11	28
Xefatura de sección	18	25
Técnico facultativo superior	1	22
Posto base grupo A1	9	20
Programador	1	20
Técnico facultativo medio	2	18
Xefatura de negociado	4	18
Secretario dirección	1	18
Operador de ordenador	2	18
Posto base grupo C2	2	12
Subalterno	1	10
Titulado superior	1	grupo I
Enquisador	8	grupo III
Total	64	-



O cadro de persoal á mesma data era de 55 persoas, 38% homes e 62% mulleres.

5.3 FORMACIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE ESTADÍSTICO

Congresos, cursos, seminarios, e xornadas aos que asistiu persoal do IGE

- **Avances na información xeográfica no ámbito autonómico e municipal.** Xunta de Galicia. A Coruña. Marzo 2017.
- **Regulamento relativo ás estatísticas empresariais europeas (FRIBS).** INE. Madrid. Marzo 2017.
- **O proxecto ESBRs. Unha iniciativa da VISION 2020 conectada ao FRIBS.** INE. Madrid. Marzo 2017.
- **Indicadores demográficos básicos.** INE. Madrid. Abril-maio 2017.
- **Seminario formativo sobre xestión de proxectos POCTEP 2014/2020.** Xunta de Galicia. Vigo. Maio 2017.
- **XI Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.** GNP-AECT. Braga. Maio 2017.
- **Esquema nacional de seguridade.** Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Maio-xuño 2017.
- **Estratexia galega de cambio climático e transición enerxética 2050.** Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Xuño 2017.
- **O futuro da economía mundial e a súa influencia na internacionalización das PEMES.** Confederación de Empresarios de Pontevedra. Vigo. Xullo 2017.
- **A contabilidade do capital natural: Situación presente e perspectivas futuras.** Fundación Juana de Vega. A Coruña. Setembro 2017.
- **Xornada sobre a adaptación da lei de protección de datos ao regulamento europeo.** Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Setembro 2017.
- **Galicia na encrucillada. Ciclo de conferencias sobre demografía e futuro.** Fundación Barrié. A Coruña. Outubro 2017.

Cursos impartidos, publicacións e relatorios elaborados por persoal do IGE

- **25 Aniversario da SGAPEIO.** SGAPEIO. Santiago de Compostela. Febreiro 2017. María Esther López Vizcaíno moderou a mesa redonda “Pasado e futuro da estatística en Galicia e na nosa contorna”.
- **Xornada no cuarto ciclo da USC.** USC. Santiago de Compostela. Marzo 2017. Presentouse o relatorio “Indicadores económicos en Galicia”. José Antonio Campo Andión.
- **II Xornadas empresariais de Bergantiños.** EUROGABINETE. Carballo. Maio 2017. Presentouse o relatorio “Novas oportunidades de negocio no comercio electrónico, incidencia sobre as previsións económicas”. José Antonio Campo Andión.
- **II DataBeers Galiza.** Ipglobal. Santiago de Compostela. Maio 2017. Presentouse o relatorio “E ti es rural?”. María Esther López Vizcaíno.
- **Curso de Estatística básica e interpretación de datos empregando software libre.** Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Santiago de Compostela. Maio-xuño 2017. Impartido por María Esther López Vizcaíno e Marta Suárez Morao.
- **XL Aniversario do Museo do Pobo Galego.** Padroado do MPG. Santiago de Compostela. Xuño 2017. José Antonio Campo Andión participou no foro “O pobo galego e as súas perspectivas demográficas: dimensións e distribución”.

- **Xornada sobre xeorreferenciación da información en Galicia: casos prácticos.** USC e Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. Setembro 2017. Presentouse o relatorio “IGE: Estratexia de xeorreferenciación”. María Esther López Vizcaíno e Concepción Miguélez Arriazo.
- **XIII Congreso Galego de Estatísticas e Investigación de Operacións.** SGAPEIO. Ferrol. Outubro 2017. Presentáronse os seguintes relatorios:
 - Coordenadas xeográficas de unidades estatísticas e a súa asignación: Un caso típico. José Roberto García Olano, Carlos Luís Iglesias Patiño e María Esther López Vizcaíno.
 - Novas necesidades de previsión nos actuais marcos orzamentarios. Marcos Rodríguez Rey.
 - Cargas de poboación estacional dos concellos de Galicia. María Esther López Vizcaíno e Pablo Torrado Solar..
 - Estratexia de xeorreferenciación da poboación de Galicia empregando técnicas estatísticas”. Carlos Luís Iglesias Patiño e María Esther López Vizcaíno.
 - Un novo indicador de desempeño con base nunha vella idea”. Carlos Luís Iglesias Patiño.
 - A trivariate Fay-Herriot model to predict small area poverty indicators. María Dolores Esteban Lefler, María José Lombardía Cortiña, María Esther López Vizcaíno, Domingo Morales González e Agustín Pérez Martín.

María Isabel del Río Viqueira moderou a Sesión I. A estatística pública en Galicia e Carlos Luís Iglesias Patiño a Sesión VII. Estatística.

- **IV Xornada de usuarios de R en Galicia.** UDC e USC: Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG). Santiago de Compostela. Outubro 2017. Presentouse o relatorio “Utilización do software R na unión de rexistros administrativos”. Noa Veiguela Fernández.
- **Curso de estatística avanzada co software libre R.** Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Santiago de Compostela. Outubro-novembro 2017. Impartido por Juan Gómez Duaso, María Esther López Vizcaíno e Marta Suárez Morao.
- **Máster universitario en xestión e dirección laboral.** USC. Santiago de Compostela. Novembro 2017. O IGE participou impartindo a materia “Información estatística sobre o mercado laboral”. Manuel Mateo Díaz.
- **II Xornadas de terminoloxía matemática.** USC. Santiago de Compostela. Novembro 2017. Presentouse o relatorio “Evolución e fixación do léxico matemático en Galego”. Carlos Luís Iglesias Patiño, Xosé María Masa Vázquez e Xusto Rodríguez Río.

Outras actividades

Feira matemática 2017

O IGE participou cun posto na XI Feira Matemática celebrada na Coruña o 22 de abril de 2017. Organizada polo Concello da Coruña e AGAPEMA, a feira está dedicada a todas as etapas do ensino e nela cada centro, profesor ou grupo de alumnos poden expor, vender e mercar actividades ou propostas didácticas. Este ano o tema central foi “matemáticas e turismo”: <http://www.agapema.org/>

VII Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A SGAPEIO, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Facultade de Matemáticas da USC, a Fundación Barrié e o IGE, convocou o VII Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para estudantes de ESO, bacharelato e

5. RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE

ciclos formativos de grao medio. Formou parte do xurado a funcionaria do IGE Concepción Miguélez Arriazo.

Os premios entregáronse o 19 de xuño de 2017:

- ▶ 1º e 2º da ESO
 - Gañador: CPI San Vicente (A Baña), co traballo “Por qué á miña nai non lle gusta o chocolate branco?”
 - Mencións especiais:
 - IES nº 1 de Ribeira, co traballo “O mundo, a casa de todos”.
 - Colexio Apóstolo Santiago de Vigo, co traballo “Hai máis alérxicos no século XXI?”.
- ▶ 3º e 4º da ESO
 - Gañador: CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños), co traballo “Amigos si, pero ... a vaquiña polo que vale?”.
- ▶ Bacharelato e ciclos formativos de grao medio
 - Gañador: Colexio Alca (Ames), co traballo “Machismo na sociedade, somos realmente as novas xeracións menos machistas?”.
 - Mención especial: Colexio Alca (Ames), co traballo “Como é o consumo de produtos transxénicos na sociedade?”.

Os traballos “Por qué á miña nai non lle gusta o chocolate branco?”, “Amigos si, pero ... a vaquiña polo que vale?” e “Machismo na sociedade, somos realmente as novas xeracións menos machistas?” representaron a Galicia na fase nacional do concurso, celebrada en Oviedo os días 28, 29 e 30 de xuño de 2017. Os dous primeiros resultaron galardoados co primeiro premio na súa categoría.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO MÁSTER EN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN (MÁSTER DEIN)

En Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte o Excelentísimo Señor Don Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), actuando en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG 4/06/2014), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Doutra parte, o Señor Don José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE), actuando en nome e representación del, con capacidade suficiente para formalizar o presente convenio, en virtude do disposto no artigo 41.1 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e no artigo 3.2 d) do Decreto 198/2008, do 28 de agosto, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do IGE.

Todos eles en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revocados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para formalizar o presente convenio e aos efectos,

EXPOÑEN

- I. Que o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, establece no seu art. 8.1 a posibilidade de que os estudantes matriculados nas ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
- II. Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que se poderán realizar en entidades externas.
- III. Que os estatutos da USC establecen (disposición adicional primeira) que “a USC poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, o art. 51 f) indica que é función das facultades e escolas promover e implantar medidas para realizar prácticas externas.
- IV. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da USC, de aí que sexa un dos seus obxectivos complementar a formación teórica mediante prácticas en entidades que permitan coñecer a realidade laboral.
- V. Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios, mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando, ao mesmo tempo, a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral
- VI. O IGE, como organismo da Administración Autonómica con competencias en materia de estatística, ten interese en colaborar na formación do alumnado da USC.

Todo isto evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e do IGE no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas dos alumnos nas instalacións do IGE, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa. As prácticas poderán ser:

- Curriculares, contempladas nos plans de estudos.
- Conducentes á elaboración dos Traballos Fin de Grao/Traballos Fin de Máster, segundo se contempla nos plans de estudos e demais normativa de aplicación.
- Extracurriculares, ou complementarias.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda. CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS

Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico, con límite ata o 30 de setembro do curso seguinte.

A USC realizará as convocatorias de prácticas de acordo co previsto no regulamento de prácticas académicas externas.

Terceira. REQUISITOS DOS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS

Poderá participar nas prácticas o alumnado do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación (Máster DEIN). A universidade comprobará que os alumnos cumpren os requisitos establecidos no regulamento de prácticas académicas externas.

Cuarta. NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS

O IGE acollerá un máximo de 2 alumnos. para realizar prácticas e se concretarán nas convocatorias que faga a USC.

Quinta. DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓNS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS

1. A duración das prácticas será a seguinte:
 - a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
 - b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).
2. Os horarios para realizar as prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades do IGE. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvidas polo estudante na universidade.
3. O réxime de permisos será acordado entre o IGE e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte

do IGE as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o estudante que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo, ou as directrices marcadas polo titor do IGE. Neste caso, o IGE comunicará á universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa, coa perda dos dereitos formativos e, no seu caso, económicos que corresponderan ao beneficiario.

O caso de que as prácticas no IGE non se axusten ao acordado coa coordinación do título poderá ser motivo de rescisión delas. Nestes casos, a comisión de coordinación, ou o órgano competente ao efecto, deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste ao estudante para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o estudante en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que deberá ser resolto polo Vicerreitor con competencia na materia de prácticas académicas.

Sexta. PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS

O proxecto formativo no que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o estudante. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de xeito que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para realizar prácticas académicas externas.

Sétima. VINCULACIÓN DOS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CO IGE

1. A relación dos estudantes en prácticas co IGE non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no estatuto dos traballadores.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade no IGE, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. O IGE non poderá cubrir co estudante en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre o IGE e o estudante.

Oitava. ASEGURAMENTO DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do estudante, un seguro de accidentes.
2. Os danos a terceiros como consecuencia da realización das prácticas académicas externas do estudante estarán cubertos polo seguro de responsabilidade civil da USC. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.
3. As prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma na que se perciba, estarán asimiladas aos traballadores por conta allea, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, no que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

4. A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e a cotización que, de ser o caso, corresponda.

Novena. TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

A cada estudante seralle asignado un titor académico, que será un docente da titulación designado polo centro para cada práctica ofertada coa misión de facer un seguimento máis directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento, e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor académico tamén será o responsable de avaliar ao estudante de prácticas externas curriculares, conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

Cada estudante contará tamén cun titor no IGE, que será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e de elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo estudante.

Décima. DEREITOS E OBRIGAS DOS TITORES

A. O titor do IGE terá dereito a:

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade á solicitude dos interesados.
2. A ser informado acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A ser informado sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para cumprir os fins propios da súa función.

B. O titor do IGE terá os seguintes deberes:

1. Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica, cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar ao estudante da organización e funcionamento do IGE e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio que deberán contemplar:
 - As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para desenvolver a práctica.
 - A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - O control de permisos para realizar exames e ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para realizar as prácticas.
7. Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para desenvolver as prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
9. Facilitar ao titor académico da universidade o acceso ás instalacións do IGE, para cumprir os fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.

11. Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estadía na entidade, para resolver aquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C. O titor académico da universidade terá os seguintes dereitos:

1. Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento se poidan derivar en ningún caso efectos retributivos específicos.
2. A ser informado verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estadía do estudante que debe tutelar.
3. A ter acceso ao IGE para cumprir os fins propios da súa función.

D. O titor académico da universidade terá os seguintes deberes:

1. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
2. Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor externo do IGE e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.
3. Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
4. Avaliar as prácticas do estudante titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado na Comisión de Goberno do 29 de xullo de 2015).
5. Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.
6. Informar ao responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
7. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo primeira. MEMORIA DAS PRÁCTICAS

Ao rematar o período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor académico. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no regulamento de prácticas académicas externas da USC e ao modelo propio do centro, se o ten.

Décimo segunda. PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN

O titor académico, á vista do informe do IGE e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas, cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo terceira. CERTIFICACIÓN DO IGE

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno sexan favorables, o IGE emitirá para cada alumno unha certificación, na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

Décimo cuarta. EFECTOS DAS PRÁCTICAS

A realización das prácticas curriculares polos alumnos computará para obter os títulos correspondentes, co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, estas non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no suplemento europeo ao título, sempre que se realizaran antes de finalizar os estudos.

Décimo quinta. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea ao IGE información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda logo de rematadas as mesmas, respondendo no caso de incumprimento do deber de segredo fronte ao IGE, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa se puideran derivar perante a Axencia Española de Protección de Datos. A tal efecto, o estudante asinará co IGE un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais dos estudantes, do persoal das entidades colaboradoras ou doutros participantes nos programas de prácticas académicas externas, deberán respectar a lexislación e a normativa da USC sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

Décimo sexta. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana, por parte da USC, o Vicerreitor con competencias en oferta docente, ou persoa na que delegue, e o responsable de prácticas do centro, e, por parte do IGE, as dúas persoas que esta designe. O Vicerreitor con competencias na oferta docente, ou persoa na que delegue, será o interlocutor da universidade co IGE en todo o relativo a este convenio. A comisión de seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que suscite a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión dos alumnos que non cumpran as cláusulas do convenio.
4. A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo sétima. NORMAS DE APLICACIÓN

O presente convenio de colaboración queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Subsidiariamente, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado polo Consello de Goberno, do 29 de xullo de 2015.
- Normativa do plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.
- Aplicación supletoria do Regulamento para a xestión de convenios na UCS (aprobado polo Consello de Goberno, do 19 de decembro de 2002) e das resolucións e acordos sobre esta materia no que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado polo Consello de Goberno, do 30 de xullo de 2015.

- De ser o caso, seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polos estudantes universitarios, actualmente contidas na disposición adicional vixésimo quinta do Real Decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, ou normativa que a substitúa, e na disposición adicional vixésimo sexta da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, ou normas que as substitúan.

Décimo oitava. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de de catro anos. Por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse a través da sinatura da correspondente addenda, cunha duración máxima de catro anos.

Aos efectos de publicidade estarase ao disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG 03.08.06).

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Décimo novena. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da comisión de seguimento.

A denuncia do convenio poderá realizarse por calquera das partes, debendo comunicarse por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo novena.

Unha vez extinguido o convenio, deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésima. JURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da comisión de seguimento. Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das universidades.

E, en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA USC

Por delegación do Sr. Reitor

(RR do 22-09-2015 DOG do 05-10-2015)

Don Roberto J. López López

O Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa

POLO IGE

O Director

Don José Antonio Campo Andión

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A USC E O IGE PARA A
REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DE ESTUDANTES
DESTA UNIVERSIDADE

CURSO ACADÉMICO 201...../201.....

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa suscrito entre a USC e o IGE, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1. Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Traballo fin de grao/máster
2. Estudante beneficiario deste Acordo
 Apelidos e nome.....
 DNI

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio), así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para maiores de 28 anos).

3. Titulación na que está matriculado o estudante
4. Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades
5. Titor académico:
 D/Dona

con DNI

6. Titor do IGE:
 D/Dona

con DNI.....

7. Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do.....ao

Nº total de días:Horas/día:

8. (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación ao alumno estudante por parte da Entidade dunha axuda ao estudio de.....€/mes,.....€/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aboará:

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 4, do presente convenio).

9. O réxime de permisos será acordado polo IGE e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do IGE as obrigas de asistencia á universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes, tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3, do presente convenio.
10. O Obxectivo educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11. Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

Plan formativo das prácticas

Obxectivos da materia

O principal obxectivo da realización das prácticas externas é coñecer o medio profesional relacionado coa súa especialidade e directamente as modalidades de execución de funcións e tarefas concretas para a aplicación do tipo de coñecementos recibidos. Colaborar e participar activamente nas tarefas que implican a aplicación dos coñecementos expostos e traballados nas diversas materias. Adquirir competencias relacionadas coa experiencia e exercicio profesional, que necesitarán nun futuro.

Contidos

As prácticas consisten na realización das actividades habituais nas empresas ou institucións segundo o seu perfil de especialización, por un tempo equivalente a 6 créditos ECTS.

O tempo equivalente a 6 créditos ECTS é de 150 horas. Desas 150 horas, 15 destinaranse a realizar a memoria por parte do alumno, e 10 a titorías, polo que o tempo efectivo de prácticas na propia empresa queda finalmente nas 125 horas.

As persoas que realicen as prácticas poden proceder da especialidade de Xestión da investigación e da innovación ou da especialidade de Desenvolvemento económico rexional e local.

Competencias

Segundo a especialidade elixida, os alumnos terán a oportunidade de adquirir maiores competencias en:

- a) Xestión de proxectos de I+D, nos organismos públicos e nas empresas; xestión e execución de diferentes instrumentos das políticas públicas de I+D e innovación. Estudos e diagnósticos de consultaría avanzada en materia de innovación;
- b) Xestión ou deseño de plans de desenvolvemento rexional e local. Xestión e deseño de programas e proxectos de apoio ao desenvolvemento empresarial, local e rexional. Aplicación de instrumentos das políticas sectoriais. Estudos e diagnósticos de consultaría avanzada.

Metodoloxía da ensinanza

Unha vez asignado o centro das prácticas seguindo a normativa da USC e os procedementos establecidos pola Comisión Académica do Máster, cada alumno contará cun profesor titor e cun responsable titor na empresa ou institución na que se desenvolvan, para realizar o seu seguimento e valoración.

Ademais das funcións asignadas na empresa, o estudante debe realizar e entregar unha memoria das actividades realizadas e dos beneficios obtidos para a súa formación.

12. Sistemas de avaliación e control: O titor académico, á vista do informe do IGE e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
13. O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no Regulamento de prácticas académicas externas da USC:
 - a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
 - b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
 - c) Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.

- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas co IGE.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e o IGE e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, co IGE.

14. Así mesmo, os estudantes en prácticas terán dereito a:

- a) Ser avaliados no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor externo. Os estudantes terán dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- b) Á imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén con avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET, sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- d) Percibir, nos casos nos que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso aos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- k) Aquel outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.
- l) No caso das prácticas curriculares, se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria.
- m) No caso de prácticas extracurriculares, se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa

inclusión nunha lista de agarda, ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Estes estudantes terán preferencia sobre os novos solicitantes.

- n) Así mesmo, terán os dereitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, e nos Estatutos da USC.
- o) Durante o período de prácticas, o estudiantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 201.....

O/A Titor/a Académico/a,

Asinado:

O/A Titor/a polo IGE,

Asinado:

O/A alumno/a,

Asinado:

ANEXO II

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN PREDOUTORAIS DOS ESTUDANTES DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN XESTIÓN SUSTENTABLE DA TERRA E DO TERRITORIO

En Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2017

Dunha parte, Don Juan M. Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación desta, en virtude do Decreto 62/2014 do 28 de maio (DOG 04/06/2014), do seu nomeamento, e polas facultades que se lle atribúen na Lei Orgánica 6/2001 de universidades do 21 de decembro e o Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

E de outra parte, Don José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), con enderezo no Complexo administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste, en virtude do Decreto 295/2009, do 14 de maio (DOG 15/05/2009), do seu nomeamento, e polas facultades que se lle atribúen na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e no Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

I. Fins da USC

A USC ten entre os seus fins a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica dos coñecementos científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos e na defensa da paz e dos dereitos humanos.

II. Fins do IGE

O IGE ten entre os seus fins, de acordo co artigo 7 da lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021, a realización de investigación estatística e a cooperación coa comunidade científica e outras institucións para mellorar métodos e procedementos.

III. Declaración de intencións

Ambas as dúas entidades, considerando que teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios, desexan subscribir este convenio co fin de mellorar as súas respectivas misións, para o cal formalizan o presente documento con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio regular as condicións nas que os/as estudantes do programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio da USC (en adiante os/as doutorandos/as) realizarán estadías de investigación predoutorais no IGE.

SEGUNDA. DESTINATARIOS E RÉXIME XURÍDICO

A. DESTINATARIOS

Os/as doutorandos/as da USC poderán realizar durante o período dos seus estudos e logo de ser autorizados pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en adiante CAPD), estadías de investigación predoutorais no IGE, coa finalidade de efectuar actividades formativas planificadas e desenvolver a súa tese de doutoramento. Ditas estadías figurarán no

Plan de Investigación e, ao seu remate, os/as doutorandos/as deberán acreditarlas no Documento de Actividades.

Os períodos e horarios de realización das estadías estableceranse de acordo coas características destas e as dispoñibilidades do IGE. O cómputo da estadía suspenderase en casos de enfermidade, maternidade, por un deber inescusable de carácter cívico, ou por calquera causa legal que estableza o ordenamento xurídico.

Os/as doutorandos/as incorporaranse ao IGE na data acordada, estarán suxeitos/as ao horario que se estableza, cumprirán as normas de réxime interno do IGE, seguirán as instrucións que reciban das persoas responsable do mesmo e respectarán as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais do IGE.

Os/as doutorandos/as aplicaranse con dilixencia ás tarefas que se lles encomenden, das que gardarán segredo profesional durante a súa estadía e logo de rematar esta. A tales efectos, asinarán un compromiso de boas prácticas, confidencialidade e cumprimento do segredo estatístico, segundo o modelo que estableza o IGE. En todo caso, tanto nas publicacións como nas patentes que se orixinen, figurarán a afiliación á USC dos/as doutorandos/as e a colaboración do IGE. Os/as doutorandos/as non poderán realizar estadías de investigación no IGE se previamente mantiveron unha relación laboral con el.

B. RÉXIME XURÍDICO

A participación do IGE nas estadías de investigación dos/as doutorandos/as non supón a adquisición de máis compromisos que os estipulados no presente convenio e, en ningún caso, se derivarán obrigas propias dun contrato laboral. Por non ser unha relación de carácter laboral, no caso de que o/a doutorando/a se incorpore ao cadro de persoal do IGE, o tempo de estadía non se computará aos efectos de antigüidade.

Os/as doutorandos/as que realicen estadías terán unha relación co IGE exclusivamente formativa, sen que se deriven dela vínculo xurídico algún, relación laboral, ou compromiso distinto aos estipulados no presente convenio. Durante o período de realización das estadías, os/as doutorandos/as estarán cubertos/as, en caso de accidente, enfermidade ou infortunio familiar polo Seguro Escolar ou o Seguro Obrigatorio, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil dos danos a terceiros que poida ocasionar o/a doutorando/a pola póliza que a USC ten subscrita a tales efectos.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DA USC

A USC, a través da CAPD, tomará baixo a súa responsabilidade e ao seu cargo as seguintes actuacións:

- 1) Autorizar a realización das estadías de investigación.
- 2) Formalizar para cada doutorando/a, con carácter previo ao inicio da estadía, unha ficha, cuxo modelo se xunta como anexo ao convenio.
- 3) Comunicar e enviar ao IGE toda a información e documentación que sexa necesaria para realizar as estadías de investigación.

CUARTA. ACTUACIÓNS DO IGE

O IGE tomará baixo a súa responsabilidade e ao seu cargo as seguintes actuacións:

- 1) Nomear, de acordo coa CAPD, unha persoa titora coa titulación de doutor/ra, que se responsabilizará da formación de cada doutorando/a e da valoración da súa estadía.
- 2) Velar para que as instalacións onde se desenvolvan as estadías posúan os medios materiais e servizos que permitan garantir a realización das actividades formativas planificadas polo IGE no desenvolvemento da tese de doutoramento, observando os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos, de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

- 3) Observar e facer observar as medidas de seguridade e hixiene establecidas no centro e informar, formar e facer cumprir e respectar aos/ás doutorandos/as ditas medidas.
- 4) Expedir logo de finalizar a estadía unha certificación a favor dos/as doutorandos/as, na que se fará constar o período da estadía realizado, as horas totais e un resumo das actividades abordadas. Previamente o/a doutorando/a elaborará unha memoria final sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.

QUINTA. RÉXIME ECONÓMICO

O presente convenio non implica incremento do gasto público e non suporá contraprestacións económicas para ningunha das partes, resultando así un custe cero para cada unha delas.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Aos efectos estritos do cumprimento dos obxectivos e obrigas descritos neste convenio, así como para resolver as diverxencias que puideran xurdir entre as partes respecto da súa interpretación e cumprimento, constituirase unha comisión paritaria de seguimento, integrada por catro membros, dous pola USC e dous polo IGE. Por parte da USC, os dous membros serán a persoa titular da Dirección da Escola de Doutoramento e o/a coordinador/a do programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio. Por parte do IGE serán as persoas titulares da Secretaría Xeral e da Subdirección de Síntese, Análise e Difusión. A comisión de seguimento reunirse cando o solicite algunha das dúas partes.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa lexislación sobre protección de datos de carácter persoal e segredo estatístico, o/a doutorando/a que, por razón das actividades formativas e/ou investigadoras, teña acceso en calquera fase da estadía a datos de carácter persoal, ou dos que deba manter segredo, non revelará a ningunha persoa allea información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dunha maneira ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas e/ou investigadoras, deber que subsistirá aínda logo de rematadas estas.

OITAVA. COMEZO E DURACIÓN

A duración do presente convenio será de catro anos e producirá efectos dende a súa sinatura, podéndose prorrogar mediante addenda por un único período igual, agás denuncia expresa dalgunha das partes, comunicada cun mes de antelación ao remate da súa vixencia. A finalización do convenio non afectará ás estadías iniciadas durante a súa vixencia e pendentes de rematar, para as que seguirán vixentes os dereitos e obrigas do mesmo.

NOVENA. DENUNCIA

Calquera das partes poderá denunciar comunicándoo á outra por escrito, cun un mes de antelación á data na que se desexe o remate deste ou, no seu caso, da súa prórroga.

DÉCIMA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS

As discrepancias xurdidas sobre interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución ou efectos que se puideran derivar da aplicación do convenio, poderán solucionarse na comisión de seguimento, por acordo das partes. De non se chegar a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa que corresponda. E, en proba de conformidade e para a debida constancia do acordado, ambas partes asinan o presente convenio en exemplar duplicado, en todas as súas follas e no lugar e data indicados.

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Reitor. Juan M. Viaño Rey

POLO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Director. José Antonio Campo Andión

ANEXO III

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, EN MATERIA DE ESTATÍSTICA. AÑO 2017

En Madrid, 21 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Jaime Haddad Sánchez de Cueto, Subsecretario de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en virtude do Real Decreto 694/2016, do 16 de decembro polo que se dispón a o seu nomeamento, en nome e representación do devandito departamento, consonte ás atribucións delegadas na Orden AAA/838/2012, do 20 de abril («Boletín Oficial do Estado» do 24 de abril), sobre delegación de competencias do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

E doutra, don Tomás Fernández-Couto Juanas, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, na súa calidade de Director Xeral de Ordenación Forestal, e ao amparo das facultades que lle atribúe o artigo 2.1-cuarto da Orden do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente actúa consonte ao establecido no artigo 149.1.31.^a da Constitución Española, que reserva de xeito exclusiva ao Estado a competencia en materia de estatística para fins estatais.

Por outra parte, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva sobre as estatísticas para fins da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía.

Segundo: Que a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, cuxo obxecto é regular a función estatística para fins estatais, establece no artigo 41 que os servizos estatísticos da administración do Estado e das comunidades autónomas poderán celebrar convenios relativos ao desenvolvemento de operacións estatísticas, cando iso conveña para o perfeccionamento e a eficacia das mesmas, ou para evitar duplicidades e gastos. Os devanditos convenios fixarán, cando a debida coordinación o requira, os procedementos técnicos relativos á recolla, tratamento e difusión da información, incluíndo os prazos nos que se levarán a cabo ditas operacións. No marco dos convenios de colaboración poderanse establecer fórmulas de participación dos servizos estatais no financiamento de estatísticas para fins estatais ou autonómicos.

Terceiro: Que o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia mantiveron unha estreita relación de colaboración mediante a sinatura de convenios bilaterais en materia de estatística para levar a cabo, cada ano, as funcións precisas na recollida de información, gravación e validación dos datos no seu ámbito territorial para executar o correspondente programa de estatísticas.

Cuarto: Que as partes consideran conveniente subscribir un convenio para harmonizar e poder comparar as estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, así como para establecer unha única fonte de recollida de información, que evite duplicidades, diverxencias e molestias ao informante e minimize o custo que supón executar o programa estatístico, garantindo o grao suficiente de cobertura, fiabilidade e oportunidade, acordos coas esixencias da normativa nacional e da Unión Europea. O Consello de Ministros, na súa reunión do 24 de novembro de 2017, autoriza a celebración do presente convenio.

Quinto: Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, prevé a subscripción de convenios entre dúas ou máis administracións públicas, que poderán incluír o uso de medios, servizos e recursos para cumprir as competencias propias ou delegadas. Consecuentemente, as partes están habilitadas para subscribir este convenio de colaboración, que quedará fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobada por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, agás para resolver as dúbidas e as lagoas que se puidesen presentar, en cuxo caso serán de aplicación os principios do devandito texto legal.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria, gandeira e de pesca, para levar a cabo, durante o ano 2017, as funcións precisas na recollida de información nas explotacións agrarias, establecementos, empresas industriais e mercados de produtos agrarios; así como a gravación e validación dos mesmos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para executar os programas de estatística referidos na cláusula 4 do presente convenio

Segunda: Actuacións

1. A Consellería do Medio Rural da Comunidade Autónoma de Galicia comprométese a realizar as seguintes actuacións:
 - a) As operacións estatísticas precisas para executar o seu programa de estatísticas, no exercicio da súa competencia exclusiva sobre estatísticas para fins da Comunidade Autónoma.
 - b) Realizar durante o ano 2017 as operacións estatísticas acordadas entre ambas partes e posterior entrega dos resultados obtidos ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co calendario establecido.
 - c) Dispor dos recursos materiais e humanos necesarios, xa sexa de xeito directo ou indirecto, para realizar as operacións estatísticas acordadas.
2. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente comprométese a realizar as seguintes actuacións:
 - a) Tratar, depurar, integrar e difundir as operacións, en materia de estatística, realizadas pola Comunidade Autónoma, segundo o calendario acordado.
 - b) Financiar segundo o establecido na cláusula terceira a parte dos traballos que debe realizar a Comunidade Autónoma para realizar o programa de estatísticas.
3. A Comisión de seguimento ocuparase do seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e da resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que se poidan expor na súa execución.
4. O detalle das actuacións e o orzamento para o 2016 inclúense no anexo.

Terceira: Orzamento, financiamento e forma de pago

O presente convenio será financiado por o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente con cargo á aplicación orzamentaria 23.02.451O.640.08, dos orzamentos xerais do Estado do ano 2017.

A contribución máxima do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ascende aos 77.589,43 euros, que se destinarán a executar as operacións estatísticas

acordadas polas partes segundo á planificación anual e aos calendarios das operacións estatísticas que se acorden.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente abonará á Comunidade Autónoma de Galicia o devandito importe mediante transferencia á conta bancaria, códigos: 2080.0300.87.3110063172, logo de comprobar os traballos realizados e certificada a conformidade dos mesmos polo Ministerio.

A Comunidade Autónoma achegará os medios materiais e humanos necesarios para realizar as operacións estatísticas acordadas.

Cuarta: Programas de traballo

As operacións estatísticas, así como os traballos concretos que se efectúen, a realizar pola Comunidade Autónoma, base deste convenio de colaboración, serán as asignadas no Plan estatístico nacional 2017-2020 (PEN) ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e nas que figure a Comunidade Autónoma como organismo colaborador, aprobado mediante Real Decreto 410/2016, do 31 de outubro, sendo de aplicación o Real Decreto 747/2016, do 30 de decembro, polo que se aproba o programa anual 2017, así como aquelas operacións necesarias para elaborar as contas económicas rexionais da agricultura, de acordo coa metodoloxía publicada polo Ministerio. Estas operacións estatísticas son obrigatorias por responder á regulamentación europea ou ser fonte de información necesaria para cumprir cos regulamentos europeos.

A achega dos datos realizarase coa antelación suficiente para poder cumprir cos prazos indicados, tanto na regulamentación europea como nos calendarios de difusión publicados nos programas anuais sinalados no apartado anterior.

Quinta: Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento para avaliar o grao de cumprimento do presente convenio, formada por dous representantes de cada parte. Dita comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que as necesidades así o requiran.

Actuará como Presidente da devandita comisión a Subdirectora Xeral de Estatística do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ou persoa na que delegue, e como secretario un funcionario da Comunidade Autónoma.

Os representantes na comisión da Comunidade Autónoma serán nomeados polo titular do órgano competente da mesma.

Sexta: Duración

Consonte ao artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público estatal, este convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal, e publicado no «Boletín Oficial do Estado».

O presente convenio terá efectos desde o día da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017.

Sétima: Modificación e resolución

O presente convenio de colaboración poderá ser modificado por acordo das partes, por proposta de calquera destas, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación, formalizado antes da finalización da duración do mesmo.

Serán causas de resolución do presente convenio de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do sector público:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte non cumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran non cumpridos. Este requirimento seralle comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o non cumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu, de acordo co previsto no artigo 49.e) da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

No caso de resolución anticipada do convenio as actuacións en curso continuarán efectuándose ata a súa completa finalización, pero non se iniciarán novas actuacións.

Oitava: Xurisdición

O presente convenio cumpre o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e está excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobada por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en virtude de o establecido no artigo 4.1.c) da mencionada norma.

As controversias que puidesen xurdir sobre a interpretación e execución do presente convenio, que non puidese resolver a comisión de seguimento, serán de coñecemento da Xurisdición Contencioso-Administrativa, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta orde xurisdiccional.

E, como proba de conformidade e para a debida constancia de canto queda convido, as partes asinan o presente convenio de colaboración, por triplicado exemplar e en todas as súas follas, no lugar e na data ao inicio indicados.

A Ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, P. D. (Orde AAA/838/2012, do 20 de abril), o Subsecretario de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Jaime Haddad Sánchez de Cueto.

O Director Xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández-Couto Juanas.

ANEXO

Listaxe xeral de operacións estatísticas, características metodolóxicas e orzamento de financiamento do Ministerio

Nº	Nome	Clase de operación	Obxectivos	Campo de observación	Periodicidade	Desagregación territorial de resultados	Demandantes da súa execución	Orzamento financiamen to do Ministerio
1	Enquisa anual de superficies e rendemento de cultivos	Poboación e enquisa por mostraxe	Determinar superficies, rendementos e producións dos diferentes cultivos (incluídos froiteiros)	Zonas de maior intensidade de cultivo	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio Programa 2017 UE	25.999,27
2	Avances mensuais de superficies e producións agrícolas	Elaboración de síntese	Determinar superficies e producións dos cultivos máis representativos	Zonas ocupadas polos principais cultivos	Mensual	Provincia	Ministerio Programa 2017 UE	1.160,80

3	Estadísticas sobre superficies e producións anuais de cultivos	Elaboración de síntese	Determinar superficies, rendementos e producións dos diferentes cultivos	Zonas ocupadas polos cultivos	Anual	Provincia e concello	Ministerio Programa 2017 UE	773,96
4	Estadísticas sobre efectivos de gando (directorios e enquisas)	Constitución de marcos, deseño mostral e realización de enquisas	Determinar efectivos de gando cunha tipoloxía definida	Explotacións con bovino, ovino-caprino e porcino	Semestrais e Anuais	Concello-estrato de explotacións	Ministerio Programa 2017 UE	25.426,70
5	Estadísticas de producións gandeiras (directorios e enquisas)	Constitución de marcos, deseño mostral e realización de enquisas	Efectivos sacrificados por tipos, produción de carne-canal e destino. Outras producións gandeiras	Matadoiros e outros centros	Anual (censo). Mensual (mostra)	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio Programa 2017 UE	1.740,96
6	Avaliación do movemento comercial pecuario	Elaboración de síntese	Coñecer o movemento interprovincial de gando	Explotacións	Anual	Provincia	Ministerio Elaborar as contas económicas rexionais da agricultura segundo metodoloxía do Ministerio	170,50
7	Prezos conxunturais de produtos agrícolas e gandeiros	Información estatística de mercado	Obter prezos medios dos produtos agrícolas e gandeiros e tipoloxías máis importantes, nos mercados representativos	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións en zonas de produción	Diaria e semanal (agrícolas). Semanal e mensual (gandeiros)	Zonas de produción e provincias	Ministerio Programa 2017 UE	4.633,73
8	Prezos medios nacionais	Información estatística de mercado	Obter prezos medios para diversos produtos agrarios	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións nas zonas de produción	Semanal	Zonas de produción e provincias	Ministerio Programa 2017 UE	4.075,43
9	Estadísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios	Enquisas por mostraxe	Obter prezos medios ponderados e calcular índices de percibidos (203 clases) e pagados (120 clases) polos agricultores e salarios (19 clases)	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións	Mensual e anual	Nacional	Ministerio Programa 2017 UE	10.426,07
10	Prezos medios anuais das terras de uso agrario	Enquisa por mostraxe	Obter prezos medios das terras de uso agrario por CC.AA., para diversos tipos de aproveitamento	Provincia e clases de uso dos solos máis representativas	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio Programa 2017 UE	1.289,02
11	Canons anuais de arrendamentos rústicos	Enquisa por mostraxe	Obter canons de arrendamento medios por CC.AA., para diversos tipos de aproveitamento	Provincia e clases de uso dos solos máis representativas	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio Programa 2017 UE	874,72
12	Contas económicas rexionais da agricultura	Elaboración de síntese	Determinar os principais indicadores macroeconómicos da actividade agraria	Estadísticas de contido físico, económico e social	Anual	Nacional e comunidade autónoma	Ministerio Programa 2017 UE	1.054,28
Total (euros)								77.589,43

ANEXO III

Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente	Normativa do departamento e /ou interese xeral
P. E. N	Plan estatístico nacional (PEN) 2017-2020, aprobado por Real Decreto 1410/2016, do 31 de outubro (BOE do 18 de novembro de 2016), e Programa anual 2017 de desenvolvemento do PEN, aprobado por Real Decreto 747/2016, do 30 de decembro (BOE do 31 de decembro de 2016)
UE	Normativa da Unión Europea (regulamentos, directivas, decisións, ...)

ANEXO IV

ORDE DO 9 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE DETERMINAN AS PARROQUIAS QUE TEÑEN A CONSIDERACIÓN DE ZONAS POUCO POBOADAS OU ÁREAS RURAIS, PARA OS EFECTOS DAS DEDUCIÓNS PREVISTAS NOS NÚMEROS SETE DO ARTIGO 16 E OITO DO ARTIGO 17 DO TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE TRIBUTOS CEDIDOS POLO ESTADO, APROBADO POLO DECRETO LEXISLATIVO 1/2011, DO 28 DE XULLO

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, introduciu nos artigos 16 e 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, deducións do 100 % no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para favorecer a adquisición de vivenda habitual por parte de familias numerosas, discapacitados e mozos en zonas rurais, coa finalidade de evitar o despoboamento.

Para establecer este beneficio fiscal hai que delimitar dunha forma clara o ámbito territorial a que afecta, é dicir, hai que definir aquelas zonas en que se pretende incentivar, co seu establecemento, a adquisición de vivenda, por tratarse de zonas rurais de baixa concentración demográfica, obxectivo final da medida. Dada a dispersión da poboación en Galicia, a lei optou por delimitar o ámbito xeográfico susceptible deste beneficio fiscal a nivel de parroquia.

O Instituto Galego de Estatística desenvolveu unha clasificación para as parroquias galegas segundo o grao de urbanización denominada GU 2016. O grao de urbanización é unha variable nuclear definida por Eurostat e referida aos territorios, que os clasifica en tres categorías segundo o seu carácter urbano ou rural: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP). De acordo coa anterior clasificación, establécense como parroquias beneficiarias desta medida aquelas que están clasificadas como ZPP.

De conformidade coa competencia atribuída polo artigo 7 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o artigo 27.Un do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo único

As deducións no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados pola adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por discapacitados, familias numerosas e menores de trinta e seis anos, en áreas rurais, previstas nos números sete do artigo 16 e oito do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, aplicaranse ás vivendas adquiridas nas parroquias enumeradas no anexo I.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda

ANEXO I

Relación de parroquias

ANEXO IV

Código	Provincia	Concello	Código	Parroquia	Código
15	A Coruña	Abegondo	15001	Abegondo (Santaia)	150010100
15	A Coruña	Abegondo	15001	Crendes (San Pedro)	150010500
15	A Coruña	Abegondo	15001	Limiñón (San Salvador)	150011000
15	A Coruña	Abegondo	15001	Mabegondo (San Tirso)	150011100
15	A Coruña	Abegondo	15001	Orto (San Martiño)	150011400
15	A Coruña	Abegondo	15001	Cabanas (San Xíán)	150010200
15	A Coruña	Abegondo	15001	Cerneda (San Salvador)	150010300
15	A Coruña	Abegondo	15001	Cos (Santo Estevo)	150010400
15	A Coruña	Abegondo	15001	Cullergondo (Santa María)	150010600
15	A Coruña	Abegondo	15001	Figueroa (San Miguel)	150010700
15	A Coruña	Abegondo	15001	Folgozo (Santa Dorotea)	150010800
15	A Coruña	Abegondo	15001	Leiro (Santaia)	150010900
15	A Coruña	Abegondo	15001	Meangos (Santiago)	150011200
15	A Coruña	Abegondo	15001	Montouto (Santa Cristina)	150011300
15	A Coruña	Abegondo	15001	Presedo (Santa María)	150011500
15	A Coruña	Abegondo	15001	Sarandós (Santa María)	150011600
15	A Coruña	Abegondo	15001	Vilacova (San Tomé)	150011700
15	A Coruña	Abegondo	15001	Viós (San Salvador)	150011800
15	A Coruña	Abegondo	15001	Vizoño (San Pedro)	150011900
15	A Coruña	Ames	15002	Ames (San Tomé)	150020300
15	A Coruña	Ames	15002	Covas (Santo Estevo)	150020600
15	A Coruña	Ames	15002	Agrón (San Lourenzo)	150020100
15	A Coruña	Ames	15002	Ameixenda (Santa María)	150020200
15	A Coruña	Ames	15002	Lens (San Paio)	150020700
15	A Coruña	Ames	15002	Piñeiro (San Mamede)	150020900
15	A Coruña	Ames	15002	Tapia (San Cristovo)	150021000
15	A Coruña	Ames	15002	Trasmonte (Santa María)	150021100
15	A Coruña	Aranga	15003	Aranga (San Paio)	150030100
15	A Coruña	Aranga	15003	Cambás (San Pedro)	150030200
15	A Coruña	Aranga	15003	Feás (San Pedro)	150030300
15	A Coruña	Aranga	15003	San Vicente de Ferrenzas (San Vicente)	150030400
15	A Coruña	Aranga	15003	Muniferral (San Cristovo)	150030500
15	A Coruña	Aranga	15003	Vilarraso (San Lourenzo)	150030600
15	A Coruña	Ares	15004	Ares (San Xosé)	150040100
15	A Coruña	Ares	15004	Cervás (San Pedro)	150040300
15	A Coruña	Arteixo	15005	Armentón (San Pedro)	150050100
15	A Coruña	Arteixo	15005	Barrañán (San Xíán)	150050300
15	A Coruña	Arteixo	15005	Chamín (Santaia)	150050400
15	A Coruña	Arteixo	15005	Lañas (Santa Mariña)	150050500
15	A Coruña	Arteixo	15005	Larín (Santo Estevo)	150050600
15	A Coruña	Arteixo	15005	Loureda (Santa María)	150050700
15	A Coruña	Arteixo	15005	Morás (Santo Estevo)	150050900
15	A Coruña	Arteixo	15005	Monteagudo (San Tomé)	150050800
15	A Coruña	Arteixo	15005	Sorrizo (San Pedro)	150051200
15	A Coruña	Arzúa	15006	Boente (Santiago)	150060300
15	A Coruña	Arzúa	15006	Brandeso (San Lourenzo)	150060400
15	A Coruña	Arzúa	15006	Branzá (Santa Locaia)	150060500
15	A Coruña	Arzúa	15006	Burres (San Vicenzo)	150060600
15	A Coruña	Arzúa	15006	San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (San Martiño)	150060700
15	A Coruña	Arzúa	15006	Campo (Santo Estevo)	150060800
15	A Coruña	Arzúa	15006	A Castañeda (Santa María)	150060900
15	A Coruña	Arzúa	15006	Dodro (Santa María)	150061000
15	A Coruña	Arzúa	15006	Dombodán (San Cristovo)	150061100
15	A Coruña	Arzúa	15006	Figueiroa (San Paio)	150061200
15	A Coruña	Arzúa	15006	Maroxo (Santa María)	150061400
15	A Coruña	Arzúa	15006	A Mella (San Pedro)	150061500
15	A Coruña	Arzúa	15006	Oins (San Cosme)	150061600
15	A Coruña	Arzúa	15006	Pantiñobre (Santo Estevo)	150061700
15	A Coruña	Arzúa	15006	Rendal (Santa María)	150061800
15	A Coruña	Arzúa	15006	Tronceda (Santa María)	150061900
15	A Coruña	Arzúa	15006	Viladavil (Santa María)	150062000
15	A Coruña	Arzúa	15006	Vilantime (San Pedro)	150062100

Código	Provincia	Concello	Código	Parroquia	Código
15	A Coruña	Arzúa	15006	Viñós (San Pedro)	150062200
15	A Coruña	Arzúa	15006	Santa María de Arzúa (Santa María)	150060100
15	A Coruña	Arzúa	15006	Arzúa (Santiago)	150060200
15	A Coruña	Arzúa	15006	Lema (San Pedro)	150061300
15	A Coruña	Baña, A	15007	A Baña (San Vicenzo)	150070100
15	A Coruña	Baña, A	15007	San Cibrán de Barcala (San Cibrán)	150070200
15	A Coruña	Baña, A	15007	Barcala (San Xoán)	150070300
15	A Coruña	Baña, A	15007	O Barro (Santa Mariña)	150070400
15	A Coruña	Baña, A	15007	Cabanas (San Miguel)	150070500
15	A Coruña	Baña, A	15007	Corneira (San Cristovo)	150070600
15	A Coruña	Baña, A	15007	A Ermida (San Salvador)	150070700
15	A Coruña	Baña, A	15007	Fiopáns (San Pedro)	150070800
15	A Coruña	Baña, A	15007	Lañas (Santa Baia)	150070900
15	A Coruña	Baña, A	15007	Marcelle (Santa Cristina)	150071000
15	A Coruña	Baña, A	15007	Sanamede do Monte (San Mamede)	150071100
15	A Coruña	Baña, A	15007	Ordoeste (Santa María)	150071200
15	A Coruña	Baña, A	15007	A Riba (San Xoán)	150071300
15	A Coruña	Baña, A	15007	Suevos (San Mamede)	150071400
15	A Coruña	Baña, A	15007	Troitosende (Santa María)	150071500
15	A Coruña	Bergondo	15008	Santa Marta de Babío (Santa Marta)	150080100
15	A Coruña	Bergondo	15008	Cortiñán (Santa María)	150080300
15	A Coruña	Bergondo	15008	Guísamo (Santa María)	150080400
15	A Coruña	Bergondo	15008	Lubre (San Xoán)	150080500
15	A Coruña	Bergondo	15008	Ouces (San Xoán)	150080700
15	A Coruña	Bergondo	15008	Rois (Santa Mariña)	150080800
15	A Coruña	Bergondo	15008	Vixoi (San Fiz)	150080900
15	A Coruña	Betanzos	15009	Piadela (Santo Estevo)	150090200
15	A Coruña	Betanzos	15009	Pontellas (Santa María)	150090300
15	A Coruña	Boimorto	15010	Andavao (San Martiño)	150100100
15	A Coruña	Boimorto	15010	Os Ánxeles (Santa María)	150100200
15	A Coruña	Boimorto	15010	Arceo (San Vicenzo)	150100300
15	A Coruña	Boimorto	15010	Boimil (San Miguel)	150100400
15	A Coruña	Boimorto	15010	Boimorto (Santiago)	150100500
15	A Coruña	Boimorto	15010	Brates (San Pedro)	150100600
15	A Coruña	Boimorto	15010	Buazo (Santa María)	150100700
15	A Coruña	Boimorto	15010	Cardeiro (San Pedro)	150100800
15	A Coruña	Boimorto	15010	Comeda (San Pedro)	150100900
15	A Coruña	Boimorto	15010	Dormeá (San Cristovo)	150101000
15	A Coruña	Boimorto	15010	Mercurín (San Xoán)	150101100
15	A Coruña	Boimorto	15010	Rodieiros (San Simón)	150101200
15	A Coruña	Boimorto	15010	Sendelle (Santa María)	150101300
15	A Coruña	Boiro	15011	Bealo (San Pedro)	150110200
15	A Coruña	Boiro	15011	Cures (Santo André)	150110600
15	A Coruña	Boiro	15011	Macenda (San Xoán)	150110800
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Lestedo (Santa María)	150120800
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Sergude (San Breixo)	150121200
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Boqueixón (San Vicente)	150120100
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Codeso (Santaia)	150120200
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Donas (San Pedro)	150120300
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Gastrar (Santa Mariña)	150120400
15	A Coruña	Boqueixón	15012	A Granxa (San Lourenzo)	150120500
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Lamas (Santa María)	150120600
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Ledesma (San Salvador)	150120700
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Loureda (San Pedro)	150120900
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Oural (Santa María)	150121000
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Pousada (San Lourenzo)	150121100
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Sucira (Santa Mariña)	150121300
15	A Coruña	Boqueixón	15012	Vigo (Santa Baia)	150121400
15	A Coruña	Brión	15013	Bastavales (San Xulián)	150130200
15	A Coruña	Brión	15013	San Salvador de Bastavales (San Salvador)	150130300
15	A Coruña	Brión	15013	Brión (San Fins)	150130500
15	A Coruña	Brión	15013	Boullón (San Miguel)	150130400

ANEXO IV

Código	Provincia	Concello	Código	Parroquia	Código
15	A Coruña	Brión	15013	Cornanda (Santa María)	150130600
15	A Coruña	Brión	15013	Luaña (San Xulián)	150130700
15	A Coruña	Brión	15013	Ons (Santa María)	150130800
15	A Coruña	Brión	15013	Viceso (Santa María)	150130900
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Anos (Santo Estevo)	150140100
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Borneiro (San Xoán)	150140200
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Corcoesto (San Pedro)	150140500
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Cundíns (San Paio)	150140600
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	O Esto (San Xoán Bautista)	150140700
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Nantón (San Pedro)	150140800
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Riobó (San Martiño)	150140900
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	A Silvarredonda (San Pedro)	150141000
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Canduas (San Martiño)	150140300
15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	15014	Cesullas (Santo Estevo)	150140400
15	A Coruña	Cabanas	15015	Iris (Santo Estevo)	150150200
15	A Coruña	Cabanas	15015	Laraxe (San Mamede)	150150300
15	A Coruña	Cabanas	15015	Regoela (San Vicente)	150150500
15	A Coruña	Cabanas	15015	Santa Cruz do Salto (Santa Cruz)	150150600
15	A Coruña	Cabanas	15015	Soaserra (Santa Olaia)	150150700
15	A Coruña	Camariñas	15016	Camelle (O Espírito Santo)	150160200
15	A Coruña	Camariñas	15016	A Ponte do Porto (San Pedro)	150160300
15	A Coruña	Camariñas	15016	Xaviña (Santa María)	150160400
15	A Coruña	Camariñas	15016	Camariñas (San Xurxo)	150160100
15	A Coruña	Cambre	15017	Andeiro (San Martiño)	150170200
15	A Coruña	Cambre	15017	Brexo (San Paio)	150170300
15	A Coruña	Cambre	15017	Bribes (San Cibrán)	150170400
15	A Coruña	Cambre	15017	Cela (San Xulián)	150170700
